#XelaArias2021

Unha chiografía 1962-2003

@bretemas

Destacados | Máis recente | Xente | Fotos | Vídeos

Manuel Bragado @bretemas · 1 de xan.

Comeza hoxe o ano **#XelaArias2021** (**001/365**) #Intempériome

>
> **Marilar Aleixandre** @MarilarAleix · 1 de xan.
>
> #XelaArias2021
>
> E di: sabemos que fóra se perden
> esas frases que agora asinabamos,
> e nós mesmos: o signo,
> xeración de violencias reprimidas,
> dous aí acenos quedan,
> si, agochados frente ó espello.

1 6 23

Amosar este fío

2021

Destacados | Máis recente | Xente | Fotos | Vídeos

Manuel Bragado @bretemas · 2 de xan.

Por ventura contamos xa con dous piares bibliográficos para celebrar o ano **#XelaArias2021** [**002/365**]: «Poesía reunida (1982-2004)» e o libro homenaxe «Xela Varias. Quedas en nós» @Xerais @chusnogueira

bretemas.gal/onte-2108-come...

13 38

2021

Manuel Bragado @bretemas · 4 de mar.

Hoxe 4 de marzo, día do aniversario de **#XelaArias2021**, propoñemos lembrar a súa figura e difundir na rede os seus versos utilizando o cancelo #XelaAriasAniversario

«Esta imperfección que fai de nós nós...
debúxaseme agora primavera.»

#TigresComaCabalos #XelaAntoloxia

[**063/365**]bis

2 70 131

1962

Manuel Bragado @bretemas · 4 de mar.

#XelaArias2021 naceu o 4 de marzo de 1962 na Granxa Barreiros, Ortoá, concello de Sarria, onde era mestre seu pai. Primoxénita de Amparo Castaño e Valentín Arias, tivo como irmáns a Xoán Carlos (1964), Marcos (1965), Sabela (1970) e Lois (1972) #XelaAriasAniversario [**063/365**]



16 42

1962-1963

Sarria

Manuel Bragado @bretemas · 25 de mar.

Amparo Castaño, nai **#XelaArias2021** no web da @AcademiaGalega: «Ela e os irmáns tiveron moita liberdade para xogar na rúa. Todos os nenos e nenas do barrio xogaban nun predio q estaba a carón do noso edificio, porq a rúa remataba onda a nosa casa» n9.cl/5tcpb [**084/365**]



1962-1970

Manuel Bragado @bretemas · 20 de feb.

«Non te amola!» é un texto autobiográfico escrito por **#XelaArias2021** con 30 anos no que coa voz dos seus 9 anos memorializa os seus días de infancia no berce familiar da Granxa Barreiros en Ortoá, Sarria, até as súas mudanzas a Lugo e Vigo. #XelaAriasNarradora #NonTeAmola (3/5)



1 8

1962-1991

Sarria

Manuel Bragado @bretemas · 20 de feb.

Iniciado coa descrición da casa familiar onde os estantes de libros chegan ao teito e non faltan os animais, en #NonTeAmola **#XelaArias2021** testemuña como na procura das galiñas azuis recibiu o tesouro da lingua do avó Manuel e das avoas Ilduara e Amparo. #XelaAriasNarradora (4/5)

1 3 14

1963

Sarria

Un gracioso espertar que te aproxima ós deuses.
(Denuncia do equilibrio)

Xela, entre os polos na Granxa de Barreiros
Foto: Avelino Pousa Antelo

Aquela nena de Sarria

Xela Arias

LETRAS GALEGAS 2021

Os pais da eativa,
collidos das mans,
mantiñan fixos
un no outro os ollos
ben abertos
á esperanza.
Paco Martín



Na Granxa de Barreiros, 1962

De certo, a vida
ía en serio.
(Intempériome)

Aquela nena de Sarria
Xela Arias
LETRAS GALEGAS 2021

A Familia Arias-Castaño

Xela con Amparo, na escola de Barreiros, 1962

Casa petrucial dos Castaño

Xela sempre se proclamou sarriá, e a familia lembra que, aínda que era moi pequena nos tempos de Barreiros, o campo -como logo tamén o mar- era para ela unha atracción irresistible e en canto podía volvía a Sarria, especialmente á Vilerma, onde gozaba muxindo nas vacas, arrincando as herbas ou apañando o que cultivaba na horta. Era a volta á infancia.

Por iso, o 6 de setembro de 2014, cando a Asociación de Escritores/as en Lingua Galega quixo honrar a memoria de Valentín e Xela, colocou na casa da Vilerma a placa que lembra que alí viviron "a poeta Xela Arias (1962-2003) e o escritor Valentín Arias (1934-2011)", porque "en cada un dos seus actos afirmaron o seu amor á nosa lingua".

Na veiga do Tío Pedro, 1968

Os Arias-Castaño son do Val de Sarria, en Lugo. Os Arias, da casa da Vilernia, na parroquia de Maside; os Castaño vivían entre a casa agraria de Mouzós (Meixente), a de Nabás (Ortoá) e a vivenda na vila de Sarria. En Sarria -na Escola da Granxa de Barreiros- naceron os tres primeiros fillos de Valentín Arias e Amparo Castaño: Xela (1962), Xoán Carlos (1963) e Marcos (1965). Os outros dous -Sabela (1970) e Lois (1972)-, en Vigo.

Os primeiros anos da familia discorren en Barreiros, onde Valentín ensinaba (desde 1955) e dirixía a escola que creara o financeiro Antonio Fernández (o fillo de Antón de Marcos), como paso previo á creación do Colexio Fingoi en Lugo.

En 1965 a familia trasládase a Lugo, xa que Valentín pasa a traballar na Granxa Argeriz. En 1969 aséntanse definitivamente en Vigo, por ser nomeado Valentín profesor da Escola Nacional de Sárdoma-Moledo.

A familia considerouse sarriá desde sempre, por procedencia e por querenza, e Sarria era destino obrigado para as vacacións, a matanza, as festas, o Nadal e o encontro coas orixes.

A Vilerma



Xunto con Valentín,
seu pai, o seu mestre,
o mestre de moitos...
X. M. Gómez Clemente

Non me gustaban de nena os peluches
e lembran meus pais que non xoguei
moito ás bonecas.
(Darío a diario)

Aquela nena de Sarria
Xela Arias
LETRAS GALEGAS 2021

En Barreiros e Fingoi

No pozo de Barreiros, 1962

Cando en outubro de 1965 a familia pasa a residir en Lugo, Xela, con 4 anos, ingresará no Colexio Fingoi -especial iniciativa de Antonio Fernández-, onde será alumna de párvulos ata 1968, e de 1º de educación primaria no curso 1968-1969.

O ideario deste colexio, rexido por Carballo Calero desde a súa creación en 1950 ata 1965, viña ser a confirmación e potenciación dos principios que Valentín coñecía e aplicara na escola de Barreiros. Andando o tempo, Avelino Pousa e Valentín Arias publicarían en Ir Indo a crónica vital de Antonio Fernández López.

Desde setembro de 1969, polo traslado da familia a Vigo, Xela estudará na Escola de Sárdoma ata 1976, completando os estudos de EXB.

Colexio Fingoi, c. 1960

Vivenda de Xela en Lugo en Pastor Díaz/Castelao

En Barreiros, Antonio Fernández López, financeiro preocupado por Galicia e a súa xente, creou unha Escola Primaria de Orientación Agrícola dentro dunha granxa experimental e puxo á súa fronte ao galeguista Avelino Pousa Antelo.

A especial escola provocou na comarca unha pequena revolución e uniu fortemente a comunidade. Os alumnos recibían formación baseada na natureza e na cultura do país e dispuñan dun horto onde se cultivaban plantas que nunca alí se viran.

Naquela escola, aos 14 anos, proseguiu Valentín os estudos ata facerse mestre, ensinar alí desde 1955 e evidenciarse como sucesor perfecto de Avelino na dirección. Alí confirmou Valentín a súa vocación de ensinante e o vencello definitivo con Galicia, colaborando co Servicio de Extensión Agraria. Ao casar, a familia reside na casa-vivenda da Escola, onde Xela vive ata os tres anos.

Barreiros. Á esquerda, vivenda dos Arias-Castaño

Eu quero lembrarte con agarimo
e prometer non esqueeerte endexamais...
Avelino Pousa Antelo

Avelino Pousa e María Teresa López Carrozas co alumnado de Barreiros

1962-1969

Sarria

Manuel Bragado @bretemas · 4 de xan.

#XelaArias2021 quixo ser Xela. O cronista oficial de Sarria, Xaime F.López Arias, desvela que en realidade naceu en Lugo e foi inscrita en Sarria, para vencellala coa terra das familias paterna e materna, Maside-Ortoá-Meixente (AVilerma-Barreiros) onde pasou a infancia. [004/365]

1 1 6

Manuel Bragado @bretemas · 4 de xan.

Inscrita no Rexistro Civil de Sarria como «María de los Ángeles» (04-03-62), mudou ao equivalente galego «María dos Anxos» (22-04-84) e logo remudou nome oficial por auto ditado polo xulgado de 1ª instancia de Sarria a «Xela» (20-01-95) #XelaArias2021
Caricaturas de @SiroPintor



1 15 60

Sarria

Manuel Bragado @bretemas · 4 de xan.

O xuíz de 1ª instancia Roa Nonide, que ditou en xaneiro de 1995 o auto de modificación de nome de «María dos Anxos» a «Xela», non era galego. Probablemente **#XelaArias2021** é un dos poucos casos que unha mesma persoa apareza con tres nomes oficiais na acta de nascemento.

1 3 13

Manuel Bragado @bretemas · 4 de xan.

En xuño de 1968 apareceu o seu nome impreso en «Xeliña fala galego», un artigo do seu pai Valentín Arias no programa «Fiestas de San Juan de Sarria». A partir de entón, dáse en dicirlle «Xela». Daquela constituía unha rareza que a filla dun mestre falase galego.
#XelaArias2021

3 10

1968-1995

Sarria

XELIÑA FALA GALEGO

Por Valentín Arias López

A Xeliña e unha nena pizparrela. Que naceo nunha aldea, a carón da fermosa vila de Sarria. Vai xa pra sete anos.

Os pais da Xeliña son galegos. O mesmo que a sua familia toda.

E consideraron moi natural falar ca sua nena na lingoa galega que iles adoitan a cotío. A Xeliña, pois, deprendeo a falar na lingoa nai dos galegos.

Pesie a que ista determiñación dos pais de Xeliña non foi ben vista por moitos. Lémbrome moi ben de un día que estando os pais e a nena nun comerciucho da vila, ó decatarse que a nena falaba galego, moi afiixida e compunxida, chea de lástemas pola nena e de noxos polos pais, escramou a tendeira:

"¡Oh! ¡Y le hablan gallego! Qué pena que no le hablen castellano ¡Con lo riquiña y fina que es la niña! Si fuese un niño, aún pasaba; pero enseñarle gallego a una niña tan guapa..."

O tempo foi pasando. Deica que a Xeliña tivo catro anos. Enton, seu pai fixolle ver que cada pobo ten a sua lingoa. E que compre coñecer moitas lingoas pra se entender con moita xente. En consecoencia, acordaron falar todos castelán perante unhos días pra que a nena adeprendera ista lingoa; a mais da galega que xa coñecía. No entendemento que mais adiante farano igoal ca francesa. E tamén con algunhas outras lingoas.

Cando andaba nos cinco anos, a Xeliña emprencipiou a ir a escola coma tódolos nenos.

Hoxe, que anda nos sete como xa queda dito, prégalle a seu pai que merque contos pra ila lelos. En galego e mais en castelán. Por certo que gosta moito dos nomeados: "A filla do rei", "Graumillo", "Polo mar van as sardiñas", "Blanca Nieves", "Ricitos de oro", "Patito feo"...

Eu, que coñezo a ista nena dendesde que naceo, son testigo que niste intre —cos seus seis anos recen estrenados— a Xeliña "domina" a lingoa castelán como calquer outra nena (da súa edade, intelixencia e condición social semellantes) que falara sempre non mais que na lingoa de Castela. E mais "domina" tamén a lingoa galega de igoal xeito.

Co que, eu entendo, non se atopa en inferioridá de condicións a Xeliña. Se non, mais ben, todo o contrario:

Por unha banda, entenderase cos cento cincoenta millós de persoas castelán falantes que somos no mundo. I entenderase, asemada, cos cen mil milleiros de portugueses e brasileiros, cuia lingoa nai e a portuguesa; ó cabo tan perto ista da galega ainda que antre portugueses e galegos non hai custión por mor da lingoa.

De outra banda, teño pre min que a Xeliña e un pouco menos rutineira no adeprendemento lingüístico do que os rapaces monolingües; pois está arreo a facer comparanzas antre as dúas lingoas que ila coñece, refleisionando constantemente sobor dilas.

I e ben sabido que e mais doado adeprender unha nova lingoa cantas mais lingoas se coñecen. A quen fala sete idiomas cústalle menos traballo deprender o oitavo do que lle custa deprender o terceiro ó que fala tan soio dous. E, por isto, a Xeliña que xa coñece duas lingoas —a galega i a castelán— terá unha miaxa mais de facilidade pra adeprender outras que si coñecera non mais a lingoa de Castela, poñamos por caso.

Ademais, compre que non esquezamos que xustamente a lingoa e o meirande logro coleitivo de un pobo. Aquilo que lle da carácter. O pobo

Galicia e nós nó de verbos nos novelos dos nomes.
(Denuncia do equilibrio)

Aquela nena de Sarria
Xela Arias
LETRAS GALEGAS 2021

Xeliña fala galego

A primeira manifestación pública do vencello de Xela co noso idioma producese aos seis anos -1968- cando Valentín, seu pai, publica no programa das festas do San Xoán de Sarria un artigo titulado "Xeliña fala galego".

Aquí está o fundamento da querencia de Xela polo idioma e polo país.

XELIÑA FALA GALEGO

Por Valentín Arias López

A Xeliña e unha nena pizparrela. Que naceo nunha aldea, a carón da fermosa vila de Sarria. Vay xa pra sete anos.
Os pais da Xeliña son galegos. O mesmo que a sua familia toda.
E consideraron moi natural falar ca sua nena na lingoa galega que iles adoitan a cotio. A Xeliña, pois, deprendeo a falar na lingoa nai dos galegos.

Pesie a que ista determiñación dos pais de Xeliña non foi ven vista por moitos. Lémbrome moi ben de un día que estando os pais e a nena nun comerciucho da vila, ó decatarse que a nena falaba galego, moi afiixida e compunxida, chea de lástemas pola nena e de noxos polos pais, escramou a tendeira:

"¡Oh! ¡Y le hablan gallego! Qué pena que no le hablen castellano ¡Con lo riquiña y fina que es la niña! Si fuese un niño, aún pasaba; pero enseñarle gallego a una niña tan guapa..."

O tempo foi pasando. Deica que a Xeliña tivo catro anos. Enton, seu pai fixolle ver que cada pobo ten a sua lingoa. E que compre coñecer moitas lingoas pra se entender con moita xente. En consecoencia, acordaron falar todos castelán perante unhos días pra que a nena adeprendera ista lingoa; a mais da galega que xa coñecia. No entendemento que mais adiante farano igoal ca francesa. E tamén con algunhas outras lingoas.
Cando andaba nos cinco anos, a Xeliña emprencipiou a ir a escola coma tódolos nenos.

Hoxe, que anda nos sete como xa queda dito, prégalle a seu pai que merque contos pra ila lelos. En galego e mais en castelán. Por certo que gosta moito dos nomeados: "A filla do rei", "Graumillo", "Polo mar van as sardiñas", "Blanca Nieves", "Ricitos de oro", "Patito feo"...
Eu, que coñezo a ista nena dendesde que naceo, son testigo que niste intre —cos seus seis anos recen estrenados— a Xeliña "domina" a lingoa castelán como calquer outra nena (da súa edade, intelixencia e condición social semellantes) que falara sempre non mais que na lingoa de Castela. E mais "domina" tamén a lingoa galega de igoal xeito.

Co que, eu entendo, non se atopa en inferioridá de condicións a Xeliña. Se non, mais ben, todo o contrario:
Por unha banda, entenderase cos cento cincoenta millós de persoas castelán falantes que somos no mundo. I entenderase, asemada, cos cen mil milleiros de portugueses e brasileiros, cuia lingoa nai e a portuguesa; ó cabo tan perto ista da galega ainda que antre portugueses e galegos non hai custión por mor da lingoa.
De outra banda, teño pre min que a Xeliña e un pouco menos rutineira no adeprendemento lingüístico do que os rapaces monolingües; pois está arreo a facer comparanzas antre as dúas lingoas que ila coñeze, refleisionando constantemente sobor dilas.
I e ben sabido que e mais doado adeprender unha nova lingoa cantas mais lingoas se coñecen. A quen fala sete idiomas cústalle menos traballo deprender o oitavo do que lle custa deprender o terceiro ó que fala tan soio dous. E, por isto, a Xeliña que xa coñece duas lingoas —a galega i a castelán— terá unha miaxa mais de facilidade pra adeprender outras que si coñecera non mais a lingoa de Castela, poñamos por caso.

Ademais, compre que non esquezamos que xustamente a lingoa e o meirande logro coleitivo de un pobo. Aquilo que lle da carácter. O pobo que renunciase a sua lingoa renunciaría ó seu mesmo ser. E coste que non e doado pra ninguén conquerir o ser de outro. Polo que, quen renuncia a sua lingoa normalmente renuncia a "ser".

E chegados eiqui, eu prégolles un favor: Non se teña o dito por louvanza os defensa da nosa lingoa galega. Porque non e preciso. A lingoa galega e dabondo louvada polos alleos que estabelecen contauto con ela E xa que ila soiña tense defendido a o longo dos moitos séculos en que foi obrigada a o silenzo, anoxada e asoballada por todos, coido que sobranlle azos pra sobrevivir por moitos séculos mais. Ainda que lles doia os comodós que laian por unha lingoa universal, única, quenes, dito seia ó paso, non haberán de conquerir seu antoxo pois ainda que isa se dera seria unha metalingoa por ila non poderían as lingoas deixar de eisistir.
En vista do dito, nistes días de festa maior en Sarria preguémoslle a o San Xoan noso padroeiro que faga unhá chisca de lus nos miolos de cantos galegos —por considerelo mais "lino"— priban a os seus fillos das recoñecidas e indubidabres ventaxas que ten pra istes adeprenderen a falar na lingoa galega.

En Lugo, polo San Xoan de 1.968

Na casa de San Lázaro

Xa viña Xela
enraizada no amor á cultura,
aos libros e á lingua do seu país,
da súa nación:
levada primeiro polos pais
a ese amor, e firme
ela despois nesa sensibilidade
e nesa intelixencia.
M. A. Fernán-Vello



PROMOVE: COLECTIVO EGERIA
COLABORAN: Sarria Concello · REAL ACADEMIA GALEGA
PATROCINA: Xacobeo 2021 Galicia · XUNTA DE GALICIA

1968

Sarria

Manuel Bragado @bretemas · 11 de xan.

#RicardoCarvalho2020 e **#XelaArias2021**, figuras das letras galegas homenaxeadas no #17demaio, teñen no Colexio Fingoi de Lugo un espazo común. Carvalho foi o seu primeiro director e profesor (1950-1965), Xela alumna de parvulario (1966-68) e de 1º de Primaria (1968-69). [011/365].



1 13 46

1966-1969

Lugo

1969-1970

Vigo

1970

Vigo

O MEU POBO

No meu pobo hai escolas, prazas, mercados, prantas, animás.
O meu pobo é Vigo.
En Vigo prodúcese uvas, repolos, pescado, millo e moitas
[outras cousas.

A min góstame moito o meu pobo, ten mar e nil
[podémonos bañar
edificios altos pra vivir son casas de novo.
Tamén temos o porto pra embarcar e desembarcar
[as persoas e os alimentos.

Viva Vigo e o seu Porto!
Viva

XELA ARIAS CASTAÑO
Graduada Sárdoma, 9 anos

Nota manuscrita de Xela, depositada na Biblioteca da Casa Galega da Cultura, en Vigo.

1971

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 11 de xan.

Conta seu pai que **#XelaArias2021** cursando 5º de EXB, en decembro de 1972, escribiu o conto «A pobreza e a negrura na aldea», que permanece inédito.

1 4

Amosar este fío

Manuel Bragado @bretemas · 11 de xan.

#XelaArias2021 ingresa en setembro de 1969 na Escola Nacional Graduada de Sárdoma (hoxe CEIP de Sárdoma-Moledo), no concello de Vigo, onde fora destinado o pai como mestre e onde ha completar o ensino primario (primeiro EP, despois EXB, cursos 1969-76).

1 4

1969-1976

Vigo

Agora sei que non poseo
máis silencio ca min mesma.
(Denuncia do equilibrio)

Aquela nena de Sarria
Xela Arias
LETRAS GALEGAS 2021

Primeiras letras



No parque de Castrelos, Vigo

O seu primeiro traballo publicado foi "A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia", que veu a luz en 1973 no Boletín da Asociación Cultural de Vigo, e en La Voz de Galicia o 3 de febreiro de 1974, cando aínda tiña once anos, pero Amparo, súa nai, acredita que escribía contos desde un par de anos antes polo menos. A este conto, premiado no certame do Facho, acompañárono na publicación en La Voz cadanseu debuxo asinado por Paulo e Manolo, fillos de Manuel Caamaño Suárez.

Conta Caamaño que a aquela convocatoria (1973) concorreran preto dun cento de contos, e levara o primeiro premio o presentado co lema "Rosa" por Xela Arias, á que lembra como "rapaza observadora, calada, tímida, de sorriso doce, que se sentía moi leda por ter logrado un galardón de prestixio. A súa vocación literaria recibía dese xeito un importante pulo que lle daría azos para proseguir no seu íntimo anceio de darse a coñecer e deixar unha pegada fonda entre os novos creadores no eido da poesía, cousa que co tempo así aconteceu".

Con anterioridade (4 de febreiro de 1973), tamén en La Voz de Galicia, Xela ilustrou o conto "O neno invisibre", de Guillermo Roxo. E pouco despois participou en "Axóuxere", aventura literaria para nenos no xornal La Región, que promovía o escritor Paco Martín na compaña dos debuxantes Ulises Sarry e Xoán Balboa.

Sábese da existencia do conto inédito "A pobreza e a negrura da aldea", asinado o 1 de decembro de 1972, así como outros polos que foi premiada nos certames de Caixa Vigo. Nacía a escritora XELA ARIAS.

Cadrei moitas veces con
Amparo e con Valentín
-eses teus pais que che pasaban
a máquina os contiños-
con quen teño a fortuna de compartir
mesa e conversa, sempre tan a gusto.
Tina Casalderrey

PROMOVE: COLECTIVO EGERIA · COLABORAN: Sarria Concello · REAL ACADEMIA GALEGA · PATROCINA: Xacobeo 2021 Galicia · XUNTA DE GALICIA

6

Contos dos nenos galegos

PREMIADOS NOS CONCURSOS NACIONAIS
DE CONTOS INFANTIS CONVOCADOS POLA
AGRUPACIÓN CULTURAL O FACHO
1968 - 1983
CO PATROCINIO DA
CAIXA DE AFORROS DE GALICIA

Xela Arias Castaño

15

A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia

1974

Hai xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xemil e tiven unha idea: ir viaxar a explorar o mundo.

Pois ben, escomencei a facer as maletas recollendo todos os meus terbellos. Metín as maletas e bulsas no ascensor e baixei. Abrín o coche e a correr. Iba a dous-centos por hora.

Este coche meu é un «Leopardo a reacción» que inventaron uns científicos amigos meus. (Que, por certo, dixeron-me que puxese anúncios e dixese ás xentes que no seu laboratório teñen unha medicíña que o que a tome durará millóns e millóns de anos. Este laboratório está na rua Saturno, número 20, piso 100.000. Así que, o que queira vivir millóns e millóns de anos, xa sabe a onde dirixir-se).

Cheguei a unha fraga. Pero esta fraga era pequena. E os seus únicos habitantes eran paxaros faladores. Os cales, arrodearon-me asegun cheguei. (Eran moi

1972

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 11 de xan.

O conto «A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia» será publicado en xullo de 1973 no Boletín da Asociación Cultural de Vigo. o 3 de febreiro de 1974 publicarase en «La Voz de Galicia». Este conto en galego é a primeira publicación impresa de **#XelaArias2021**.

2 2 8

Amosar este fío

Manuel Bragado @bretemas · 11 de xan.

O 17 de maio de 1973, sendo alumna de 5º de EXB, **#XelaArias2021** gañará o primeiro premio na sección de contos de nenos/as (de 10 a 15 anos) do VI concurso de contos infantís O Facho da Coruña co titulado «A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia».

1 3

1972

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 18 de xan.

Entre os materiais do «Álbum de mulleres» de **#XelaArias2021** está a primeira entrevista que lle fixeron en @Farodevigo (1973) cando tiña 11 anos.

culturagalega.gal/album/detallee...

(3/4)

Una niña viguesa gana el concurso de cuentos «O Facho»

Se trata de Xela Arias Castaño, que cuenta 11 años

"A FRAGA DOS PAXAROS E A FRAGA LEOPARDICIA", HISTORIA DE UN SUEÑO

En la VI edición del concurso de cuentos infantiles "O Facho", patrocinado por la Caja de Ahorros-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo, ha merecido el primer premio, en la modalidad de "contos de nenos", la niña viguesa Xela Arias Castaño, de 11 años de edad y muchos más de imaginación, sueños y pensamientos; porque Xela cuando habla de las cosas del escribir, del idioma gallego, de lo que hace y lo tiene editado un libro, "Carlinos e o abó". El opina que el cuento de las "fragas" es muy bonito.

—Trata de un sueño que tenía yo —dice Xela—. Iba de viaje, muy alegre, y me encontraba con una selva de pájaros; conducía mi coche y los pájaros me insultaban; me marché de allí. Y me había desaparecido el coche; entonces, entré en la selva de los leopardos, y no me sabían de pequeñitos y tan feos, los tiré.

Pero como tiene buena memoria y la pluma dispuesta, escribe unos sobre el papel de mi carpeta:

"Era unha vez unha muller que trataban por bruxa.

"Certo dia as mulleres de Vilaroi colleron e foron pra feira, pois era feira en un pobo cercano deli.

"Cando xa era de noi-

podedes decir a nadie.

"—Non llo diremos a nadie, non te preocupes, calaremos.

"—Bueno —dixo a bruxa, compadecida das

1 6 22

1973

Vigo

1974

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 11 de xan.

O escritor Paco Martín, director de «Axóuxere. Semanario do neno galego», suplemento infantil de «La Región», publicado os sábados durante o curso 1974-75, confesa que **#XelaArias2021** foi a autora da primeira carta que recibiron e cre que tamén a primeira e máis fiel lectora.

12-X-74

AXOUXERE

SEMANARIO DO NENO GALEGO

unha sección de paco martín, ulises l. sarry e xan balboa

CARTAFOL

Queremos hoxe insistir en solicitar a vosa colaboracion prá axudar ó noso semanario a favor dos actos que o Ateneo ourensán prepara pró cabodano de Castelao.

E sobor de todo no Concurso de Dibuxo Infantil que convocamos a pasada semá.

Desexaríamos que todos os nenos galegos acadaran a comprender en toda a súa importancia tanto a figura de Castelao como a outura senlleira, do Homenaxe, que o Ateneo

1 8

1974-1975

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 12 de xan.

En outubro de 1976 **#XelaArias2021** ingresou no Instituto mixto do Calvario de Vigo (hoxe IES Castelao), onde fixo os tres cursos de BUP (de 1976-77 a 1978-79). En COU (1979-90) renunciou a examinarse. [012/365]

6 18 65

1976-1979

Vigo

A editora (1980-1996)

Destacados | Máis recente | Xente | Fotos | Vídeos

Manuel Bragado @bretemas · 13 de xan.

En outubro de 1980 **#XelaArias2021** comezou a traballar como administrativa en @Xerais formando parte do cadro inicial da **editora** da rúa Doutor Marañón formado por Xulián Maure, Roberto Pérez Pardo e Manuel Méndez Batán [013/365].

1 21 88

1980-1990

Vigo

1980-1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 13 de xan.

Inicialmente **#XelaArias2021** atendía chamadas de autores e librarías, manuscribía as intervencións das presentacións dos primeiros títulos, confeccionaba o arquivo de prensa de @Xerais, empresa á que se incorporara Carlos Blanco como xerente e Luís Mariño como director editorial.

1 1 15

1980-1990

Vigo

Os esmorecentes raios do solpor preconizaban o incendio entre o pelo de Maximila que deviña avermellado, como de luminaria dentro, facendo máis branca a túnica desmaiada dos seus peitos abaixo en cgneiro absolto, concedendo ao marfil da pel da súa cara ese tono coral en loita, arrubiscado en lene arrecendo xuvenil.

Fixera un día caluroso. Para ser verán só faltaba chegar a Xullo. Pero xa se bañaran na grande piscina de marbre do xardín e os salgueiros da beira, [illegible], non conseguiran protexer dabondo ás bañistas dese adiantado sol primaveral. Agora, ao caír da tarde, o xardín facíase ameno mentres Maximila, amortecida no triclinio, ignorando ao sol que de caír quedaría amarrado na súa melena antes de fundirse alá no Morrazo, falaba coas súas amigas.

—¿Sabedes? Recibín outra carta —dixo mentres tiraba entre os prégos da túnica o papiro, con tento.

—¡A ver, a ver! —interesáronse as mozas—¿É de Porfirio junior?

—¡Non se chama Porfirio junior, pesadas! -protesta Maximila.

—¿Pero non vén sendo fillo de Publilio Optaciano Porfirio, o poeta vangardista? —pregunta Gala.

—Pois claro —insiste Amantia—. É fillo dese africano que escribe versos palíndromos que poden ser lidos de arriba a abaixo ou de abaixo a arriba e, en ocasións, versos formando deseño.

—Si, é o mesmo —di Maximila—, pero o seu nome é Claudio e non gosta de que o confundan co seu pai. Quer triunfar por si mesmo e non ser un fillo de papá.

—Uf! Chegará lonxe, sen dúbida. Véxote de prefecta en Roma con cinco ou seis eunucos no teu cuarto termal —ironiza Gala.

—¡Eunucos! ¡Que noxo! Son como unto —protesta Maximila-. Gala, ti sempre coas túas porcadas...

—¡Xa está a esquisita! —contesta Gala—. O outro día estiven en Bracara coa miña amiga Prisca, xa sabedes, a filla do cónsul...



Manuel Bragado @bretemas · 13 de xan.

A partir de 1982, #XelaArias2021 centra o seu traballo no departamento editorial de @Xerais, ocupándose da corrección de probas e da edición de libros de creación e investigación até setembro de 1990.

1 1 13

1983

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 13 de xan.

#XelaArias2021 con 21 anos pronunciou o seu primeiro discurso en representación de @Xerais o 20 de xuño de 1983 na presentación da colección «Xabarín» de clásicos xuvenís no salón de plenos do concello de Lugo con motivo da III Semana Bibliográficas das Linguas Ibericas.

1 1 17

Manuel Bragado @bretemas · 13 de xan.

A partir de 1982, **#XelaArias2021** centra o seu traballo no departamento editorial de @Xerais, ocupándose da corrección de probas e da edición de libros de creación e investigación até setembro de 1990.

1 1 13

1980-1990

Vigo

1988

Vigo

A poeta (1982-2003)

Destacados | Máis recente | Xente | Fotos | Vídeos

Manuel Bragado @bretemas · 24 de xan.

#XelaArias2021 publica o que consideramos a súa primeira páxina poética no número 178 do semanario «A Nosa Terra» do 26 de febreiro ao 4 de marzo de 1982. Un poema en catro partes ilustrado por Xosé Guillermo.

#XelaAriasPoeta [024/365] **#ANT**

bretemas.gal/onte-2119/

Abro fío (1/5)



Real Academia Galega

1 21 46

1982

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 24 de xan.

#XelaArias2021 inicia así a estreita colaboración artística con Xosé Guillermo, responsable da capa e do deseño dos interiores do seu primeiro libro «Denuncia do equilibrio», así como dun dos retratos máis logrados da escritora. #XelaRetratos

(2/5)

1 4 14

1983

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 13 de feb.

Antes da aparición de #DenunciaDoEquilibrio, **#XelaArias2021** manterá unha colaboración estreita con @Farodevigo. Comezou cunha páxina espectacular (04-06-1983) onde aparacen 4 poemas, un retrato de Xosé Guillermo e un comentario de Carlos Oroza [044/365]
#XelaAriasFarodeVigo
(1/6)

FARO DE VIGO

creación

Un feixe de versos novos de Xela Arias

Chovia
Os mares sulagaban as pedras
Retortas e cabalos
Corea. Chick. Chick Corea. O dial esvara

Sabes: estou soa. A fiestra grande pantalla ten
Colores chumbas fumes e un coche
Vermello que pasa
a ventá

Ariadna fia

Un edificio e outro érguense
En mausoleo informe para mañán e algunha Alicia
Pequena, tal vez luxada, entra na pantalla calada
Os ollos dela véñenme entrán e furan
E trae nos brazos abertos millóns de flores e colores
¡Colores!
E son colores raras
Estrañas de non velas

E Ariadna fia

A chuvia chovia e andante andaba
Penso levaba flores para unha lápida
Sen nome convertida en edificio
E noutro que se erguen. No pasado avoa
Negra morta
Cun conto que Alicia recorda e
Pasa pola ventá

Ariadna aínda fia
E logo cansa. E logo cala

Vai furia nos cabalos dos cometas
Vencer
E un trago que agoiramos amantes nas imaxes
Espreitante e visto
As ondas mas que veñen
Frío e gargallada informe
Vencer
¿terei medo?
Terei soños
E orquídeas da Etiopía no tempo
Artemisas nas ruínas do cancro
Vencer
Vence-la palabra
O feito
Muda-lo senso ritual das estrelas
Vagando vieiros e
Lendas e
Follas verdes nos cabalos pais e
Mares e terras e
Aires e
Desfalagarse na area

XELA ARIAS POR XOSE GUILLERMO

gardenias coloradas para o morto
mirtos e
cipreses
e o recordo da maña asesinada
revolta no vento mareiro
nas sombras lúcidas
e cheiro de peixe fresco
e mirtos e cipreses e
gardenias coloradas para o morto
que xa non virá
ás nosas tardiñas cotiás
nin ás ocres violetas do outono
nin ás brancas verdes da primavera

O mel mar meirande morea
trompeta e blues
mapoula adormideira desdebuxa aceras
medra na cerdeira dos bicos
o colo

(Ven...)
Gacimoso dunha flor
entraña e maio primavera
chate
éndula non é fixación
leito o rosa o verde mazá suave

3 17 60

1983

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 13 de feb.

Carlos Oroza recibe entusiasmado en @Farodevigo (04-06-1983) a poesía de **#XelaArias2021** coa nota «Toda gran poesía es clandestina»:

«Tu palabra en el verso se entreabre y sonríe en el quiebro y nos da su remoto placer conviritiendo la rosa en vocabularios nocturnos...»
(2/6)



XELA ARIAS POR XOSE GUILLERMO

Toda gran poesía es clandestina

Me has dado prueba de tu grandeza. Me devuelvo al origen y reclamo el derecho a la selva.

La cuestión es la misma, querida, dar la mano a un desconocido y empezar por donde habíamos empezado.

Tu palabra en el verso se entreabre y sonríe en el quiebro y nos da su remoto placer convirtiendo la rosa en vocablos nocturnos. La fusión del aire en el verso y el mar en catarsis.

2 1 11

1983

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 16 de xan.

Ao longo dos 80 **#XelaArias2021** compartirá numerosos recitais vigueses con #CarlosOroza, o poeta peripatético, autor até entón de «Eléncar» (1974), «Cabalum» (1980) e «Alicia» (1985).
«Cabalum será un poema que se perda
Porén
Contarei dous até os tres dos seis onilios..» #Oroza

1 6 18

1983

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 17 de xan.

O 15 de novembro de 1983 a revista ecoloxista «Quercus» expediu certificación de que foi plantado un carballo a nome de Xela Arias Castaño. Coincide coa decisión de alugar un apartamento e independizarse cando tiña vinte e un anos. [017/365] #XelaArias2021

1 19 82

1983

Vigo

1983 /1984

Salceda, Ponteareas

1984

Manuel Bragado @bretemas · 27 de xan.

Na publicación do IV Festival de Poesía do Condado (maio de 1984) figuran tres poemas de **#XelaArias2021**, "Poética", "Chegar a volta na que voltea o vento" e "supoño que é un feito" [027/365] #XelaAriasPoeta
Abro fío (1/4)

1 13 25

Manuel Bragado @bretemas · 26 de xan.

En maio de 1984, **#XelaArias2021** publica o poema «Érgome» na revista «Katarsis. Método para la excepción 3» #XelaVigo [026/365]

«Érgome
e Vigo vai aínda durmido
neboeira salgada
a electricidade electrizado paxariño
que te oio musicado e vals
no silencio húmido
as pedras a min... »



Captura de pantalla

1984

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 10 h

En resposta a @bretemas

O escritor e crítico @ramonnicolasr rescatou a páxina do número 3 de #Katarsis o fanzine promovido polos irmáns Paco e Víctor Tizón onde #XelaArias2021 publicou o poema «Érgome» (1984) a súa primeira homenaxe á cidade de Vigo. #XelaAriasVigo



1983



1984

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 7 h

Portada de #Katarsis nº 3 onde #XelaArias2021 publicouo seu poema «Érgome» #XelaAriasVigo

1984

Vigo



Manuel Bragado @bretemas · 24 s

Víctor Tizón envía por un amigo a páxina de #Katarsis nº 5 onde #XelaArias2021 publicou a primeira versión do poema «Os ollos pechados» (1985), ilustrado por #XoséGuillermo, que aparecería despois en #DenunciaDoEquilibrio



1985

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 27 de xan.

«Poética» (1984)

Achégate a min
Perdón que é unha autopoética?
Cada escrita é auto
Son eu
Que cuestiono amo bico plantexo e replantexo
Por verme
Saír e perderme
Un obxectivo!
Achégame a ti.

#XelaArias2021 #XelaAriasPoeta #FestivalCondado

(2/4)



1984

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 13 de feb.

#XelaArias2021 comeza a súa colaboración coa páxina «Mulleres», que dirixía @PilarComesana en @Farodevigo, o 17 de maio de 1984, coa publicación dos poemas «sube» e «e é que nunca sei...» e dunha breve autopoética, ilustrados por unha foto de Cameselle.
#XelaAriasFarodeVigo
(3/6)

FARO DE VIGO 17 de Mayo de 1984

ulleres

Dirixe: Pilar Comesaña

Xela Arias
Pregúntanme: ¿a poesía?

Toda poesía é un trato coa búsqueda da vida poderosamente iluminada; unha consecuencia da vida mesma; toda poesía é logo un parto preciso para principia-lo remate do embarazo; se non tivera o recurso de esparexe-los pantasmas nos signos das letras, é ben seguro, sería delincuente. o caos vital semella urdindose darredor, non gusto do sistema no que hei de desenvolverme pero estou aquí e teño patria (por Rilke, a infancia; por Hölderlin/Rosalía, Galicia; por min, todo o que toco).

Ansiamos ser libres e o vieiro é a independencia total e gratuíta.

Que unha palabra sexa un país virxe: os tempos personais non existen (eu son tí e el e nós e vós), os xéneros quedan desterrados (querida/querido, só un senso por un amor inmenso que eu/me comparta)

Só é poesía aquela que non busca victorias, só será poesía aquela que non afogue nas derrotas. Só é poeta o que busca liberarse de sí mesmo. Só será Poeta quen o conquira.

sube
sube aínda máis cara riba
fura forzando as murallas de leite
penetra e traspasa lixeiro os velos corridos
do cortalume tinguido de nadal
sube me
subes e súbome
as escaleiras xa non son mármore
nin no opaco o delirio me manca
siquera as pantasmas irredentas se me asustan
nin siquera
margaridas amarelas no meu cuarto
agárdanse paxaros aniñados na extensión
máis arriba das palabras hai un ceo de palabras e as palabras non existen
en buenos aires doíanme as crins agallopadas
nas albardas
en new york o neón salfería a imaxinación
a imaxe e eu non estiven
nunca en new york ou buenos aires

Xela ARIAS

"Maravilloso é o favor do sublime e ninguén sabe en qué consiste o que outorga nin de onde provén" (Hölderlin).

"¡Como me miran, facendo moecas dende as columas onde os puxeron! ¡Será mentira, será verdade!" (Rosalía)

Nota

Por problemas técnicos na páxina da pasada seman completamos o traballo de creación de Xela Arias.

que nunca sei
sei de certo se a túa voz a miña voz vén ó meu rente polas palabras
o eco que vén esvaído
esvaído
sa a porta de lonxe
que me di
eu se eres tí... se a terra é un canto que rodou
querida
orrado... hai que inventar
existes
to
ralidade que nos contempla
enfréntanos e maltrátanos
máis
ca un espello do humano
ano na túa man
aferra e me acaricia
que colla e solte
a vida é un xogo por riba do xogo da vida
s nada
fume recordártame de novo existe
rasea-la violeta violenta hai que face-lo camiño
unca chegarei ó paraíso"
pois nego
a gana e nego e el non existe e eu son e existoo
penétrame o alento descoñecido das ventanas
ne e entra
andome bebéndome extendendo algo
ion é nada
máis que bicos
e bicos
ne bican nas cadeiras
existo o paraíso que non existía

Xela ARIAS

1 1 7

1984

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 13 de feb.

#XelaArias2021 comeza a súa poética (1984, 22 anos) coa frase: «Toda poesía é un trato coa búsqueda da vida poderosamente iluminada; unha consecuencia da vida mesma; toda poesía é un longo parto preciso para principia-lo remate do embarazo...»
#XelaAriasFarodeVigo
(4/6)

Xela Arias
Pregúntanme: ¿a poesía?

Toda poesía é un trato coa búsqueda da vida poderosamente iluminada; unha consecuencia da vida mesma; toda poesía é logo un parto preciso para principia-lo remate do embarazo; se non tivera o recurso de esparexe-los pantasmas nos signos das letras, é ben seguro, sería delincuente.
o caos vital semella urdíndose darredor, non gusto do sistema no que hei de desenvolverme pero estou aquí e teño

Ansiamos ser libres e o vieiro é a independencia total e gratuita.

Que unha palabra sexa un país virxe: os tempos personais non existen (eu son ti e el e nós e vós), os xéneros quedan desterrados (querida/querido, só un senso por un amor inmenso que eu/me comparta)

Só é poesía aquela que non busca victorias, só será poesía aquela que non afogue

2 1 10

1984

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 12 de feb.

#XelaArias2021, o 16 de agosto de 1984, publica de novo na páxina «Mulleres» de @Farodevigo, xestionada pola xornalista Pilar Comesaña, «Xa de volta: as pedras non teñen nome», poema manuscrito por ela e ilustrado por [*]arciña [043/365] #XelaAriasNoFaro



Xa de volta: as pedras non teñen nome
como os rostros perdidos arredor inutilizan
as nubes
raxo a cadencia xiravolta desaparézoche
non hai nada que poda xunguirme
O desastre
OH o desastre
¿onde estamos amor onde estamos?
desmarcaxe
fíreme vento e dime que é só un vento
escena da outra beira do obxectivo papel cebola
dime ...pero xa o sei
un fío de navalla un sobresalto nimio
o tul caíndo partido en dous
...sen que reste nada
Nada
só por tras de min hai un algo pequechiño que me
[medra
non adoita vestirse de metáforas

1984

Vigo

3 10 38

Manuel Bragado @bretemas · 13 de feb.

#XelaArias2021 anticipará (13-05-85) en @Farodevigo 4 dos poemas que publicará un ano despois en #DenunciaDoEquilibrio. A páxina vai presidida pola cita de Paul Nizzan: «Tiña 20 anos, non consentirei que ninguén diga que é a idade máis fermosa da vida». #XelaAriasFarodeVigo (5/6)



16 cultura FARO DE VIGO Domingo, 13 de Enero de 1985

creación

Denuncia do equilibrio por Xela Arias

Tiña 20 anos, non consentirei
que ninguén diga que é a edade
mais fermosa da vida.
PAUL NIZZAN

Búsqueda
Situación límite

Trouxen augamel para agasallarte e senteime na escada á agarda.
Non chegabas nunca e cansaba.
Cosín cun fio os pensamentos e abrín a porta.
Saín. Fun por tras de min deixando as pegadas no chan.

VIAXE O EXTRAVIADO

Se excitable ca[illegible] pingas de auga
[illegible] as mibes de razón colocando
[illegible] veludos dos corpos

1 2 6

1985

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 13 de feb.

#XelaArias2021 tamén coloborará con «Pharo The Bego», o suplemento bimensual de @Farodevigo dirixido por @PilarComesana e Francisco Novo. No número 7, marzo de 1986, publicará unha páxina coa narración «Por anticipado recaída dun mal que impide o voo».
#XelaAriasFarodeVigo
(6/6)


antón goyanes

PHARO THE BE GO

n.º 7 - MARZO 1986
Suplemento bimensual de
. FARO DE VIGO
Redacción: PILAR COMESAÑA
FRANCISCO NOVO
Diseño: ANTON GOYANES
Cabecera: ANTON PATIÑO

8 y 9 –Vigo – Exclusiva Ladi Diz – redacción

Galicia

11.–"Las fuerzas del mal sobre Galicia" Vigo

La Coruña

12.–"Mania persecutoria en Orense" – Sequeiros
13.–"Rendido" – Lugo – E. Pombo
"La emperatriz Sisi" – Ferrol – Luis Villamor
14.–"Santiago a cidade que derrotou a Manitu" – A. Vence

Política

15.–"O día do xuicio final aos nosos persoeiros"
L. G. Docampo

Arquitectura

16 y 17.–"Vigo, vai lava-la cara" – Carlos Ardid y Juan Zaballa

Siniestro Total y San Luis

18 y 19.–"Vigo da un miedo que te pasas" – P. Comesaña y F. Novo

Gastronomía y Cine

20.–"Magia culinaria-Ritos políticos" – G. Campos
"Os porteiros do outro mundo" – X. Pazos

Moda

"Por una lencería gallega..." – F. Franco
"Tan dentro de ti e por fora" – A. Avendaño

Poesía

22.–"Seis poemas mohicanos" – M. Rivas
23.–"Por anticipado recaída dun mal que impide o vóo" – X. Arias
24.–"UH" – M. Romón

1 2 10

19819864

Vigo



A tradutora (1983-2003)

Manuel Bragado @bretemas · 16 de xan.

No outono de 1983 #XelaArias2021 traduciu do castelán ao galego o libro «Cabalum» (Edicións do Castro 1980) do poeta Carlos Oroza. Será o primeiro dos seus 25 títulos como #XelaTradutora literaria, relación que pechará en 2003 co «Spleen de París» (1869) de Baudelaire. [016/365].



1 28 67

1983-2003

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 16 de xan.

O traballo de **#XelaArias2021** como tradutora literaria nas décadas dos 80 e 90 foi pioneiro nos labores de incorporación á lingua propia dos textos fundamentais da literatura universal. #XelaTradutora era tan esixente consigo mesma como o era cando se dedicaba á creación poética.

1 5 20

Manuel Bragado @bretemas · 6 h

#XelaArias2021: «Fixen traducións, principalmente, porque precisaba cartos...»

#XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @ANTDiario

2

1983-2003

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 19 de xan.

#XelaArias2021 publicou no número 7 da revista «Dorna», abril 1984, o poema "Eu cuestiono", que incluirá en «Denuncia do equilibrio» (@Xerais 1986), o seu primeiro libro como "Cuestiono se é o tempo monocorde o que agocha o misterio". [019/365] #XelaDenunciaDoEquilibrio



9 48

1984

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 30 de xan.

A publicación da versión galega de «Cabalum» de Carlos Oroza no número 8 da revista «Dorna» (marzo de 1985), será tamén o da primeira tradución de **#XelaArias2021**. Inicia así un catálogo de 25 obras traducidas ao longo de vinte anos. #XelaAriasTradutora #Dorna [030/365]

(1/3)



1 10 25

1985

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 19 de feb.

#XelaArias2021 colaborará dende o primeiro número (1984) coa revista #Tintimán onde incluirá os poemas "Abandono xa a marcha da miña sombra" e "O vertigo enano", que logo incluirá en #DenunciaDoEquilibrio #XelaAriasAntoloxia [050/365]



"PORTADA del n.º 1 de TINTIMAN" que se encuentra a la venta.

Domingo, 28 de abril de 1985 PAGINA XIII

La conjunción de técnica y creatividad cristaliza en una importante realización: TINTIMAN

SUBÍN NO AUTO das cereixas
–hai tempo que foi eso–
clarifico agora a miña man expón
signos evidentes carretera mollada
pola que andara
sonambuleando penso regadeiras abertas
e panos mollados

acaso –vou imaxinar– non podemos vir pasea-los precipicios
aventura-los segmentos?

pois *aprecio sen vértigo a extensión da miña inocencia*
fundamos nos líquidos ardorosos as fallas dos vocablos
De 1990 a 1992 **#XelaArias2021** e María Xesús Lameiro traduciron ao galego os cinco álbums de cómic protagonizados por #Franka, superheroína creada polo holandés Henk Kuijpers na metade dos setenta e publicados por @Xerais #XelaAriasTradutora #BandaDeseñada [**056/365**]

(1/3)

1 23 54

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 25 de feb.

En resposta a @bretemas

#XelaArias2021 deulle voz galega de seu a #Franka, unha detective privada nova, afouta e aventureira, que adoitaba resolver os seus casos no mundo do cine e da moda ou en viaxes a lugares afastados da súa oficina de Ámsterdam. #XelaAriasTradutora #BandaDeseñada @Xerais

(2/3)



1 7 15

1990

Vigo

LALO R. VILLAR
FOTÓGRAFO
copyright © 1990

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 5 de mar.

No outono de 1990 **#XelaArias2021** publicará as súas primeiras traducións para o @SMgrupo: 3 novelas xuvenís: «Os Corredoiras» do galego Juan Farias, «Rosa, miña irma Rosa» da portuguesa Alice Vieira e «Belledonne, habitación16» da holandesa Anke Vries #XelaAriasTradutora [**064/365**]



1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 7 de mar.

#XelaArias2021 participou no traballo do equipo dirixido por Valentín Arias que anosou para o galego «O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha» de Miguel de Cervantes, obra de 1.478 páxinas publicada por Xuntanza editorial a finais de 1990. #XelaAriasTradutora [066/365]

(1/5)



UN lugar da Mancha, do que non quero lembra-lo nome, non hai moito tempo que vivía un fidalgo dos de lanza en lanceira, adarga antiga, rocín fraco e galgo corredor. Unha ola de algo máis vaca ca carneiro, salpicón as máis das noites, ovos e torresmos os sábados, lentellas os venres, algún pombiño de engadidura os domingos, consumían as tres partes da súa facenda. O resto dela levábano saio de velarte[1], calzas de veludo para as festas, coas súas pantuflas do mesmo, e os días de entresemana honrábase co seu vellorí[2] do máis fino. Tiña na súa casa unha ama que pasaba dos corenta, e unha sobriña que non chegaba ós vinte, e un mozo de campo e praza, que tanto enselaba o rocín como tomaba a podadeira. Andaba o noso fidalgo polos cincuenta anos; era de complexión rexa, seco de carnes, enxoito de rostro, gran madrugador e amigo da caza. Queren dicir que tiña o sobrenome de Quixada, ou Quesada, que nisto hai algunha diferencia nos autores que deste caso escriben, aínda que por conxecturas verosímiles se deixa entender que se chamaba Quexana. Pero isto importa pouco ó noso conto; abonda que na narración del non se saia un punto da verdade.

É, pois, de saber que este sobredito fidalgo, os momentos que estaba ocioso, que eran os máis do ano, dábase a ler libros de cabalerías con tanta afección e gusto, que esqueceu case de todo punto o exercicio da caza, e aínda a administración da súa facenda; e chegou a tanto a súa curiosidade e desatino nisto, que vendeu moitas fanegas de terra de sementeira para mercar libros de cabalería en que ler, e así, levou á súa casa todos cantos puido haber deles; e de todos, ningúns lle parecían tan ben coma os que compuxo o famoso Feliciano de Silva; porque a claridade da súa prosa e aquelas intrincadas razóns súas parecíanlle de perlas; e máis cando chegaba a ler aqueles recrebos e cartas de desafíos, onde en moitas partes achaba escrito: *A razón da sensrazón que á miña razón se fai, de tal maneira a miña razón enfraquece, que con razón me queixo da vosa fermosura.* E tamén cando lía: *...os altos ceos que da vosa vindade divinamente coas estrelas vos fortifican, e fanvos merecedora do merecemento que merece a vosa grandeza.*

Con estas razóns perdía o pobre cabaleiro o xuízo, e desvelábase por entendelas e desentrañárlle-lo senso, que non llelo sacaría nin as entendería o mesmo Aristóteles, se resucitase para só iso. Non estaba moi ben coas feridas que don Belianís daba e recibía, porque imaxinaba que, por grandes mestres que fosen os que o curasen, non deixaría de te-lo rostro e todo o

1 8 29

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 7 de mar.

En resposta a @bretemas

Ademais de #XelaArias2021 e Valentín Arias, formaban parte do equipo de tradución María Xesús Senín Fernández, María Xosefa S. Fernández, Xosé Antón Palacio e Xavier Senín Fernández.

#XelaAriasTradutora #OQuixote #XuntanzaEditorial

(2/5)

1 1 6

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 7 de mar.

A edición príncipe d´#OQuixote de #XuntanzaEditorial en 2 volumes encadernados en coiro, ilustrada por unha ducia de artistas e presentada nunha caixa de madeira, foi un fito na edición galega dos noventa.

#XelaAriasTradutora #XelaArias2021

xuntanzaeditorial.com/quixote/quixot...

(3/5)

1 1 6

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 7 de mar.

Da tradución d' #OQuixote na que participou #XelaArias2021 realizáronse varias edicións, entre elas a de #Xuntanzaeditorial en 4 volumes e as coeditadas pola editora coruñesa coa #XuntaDeGalicia e con @lavozdegalicia en 2005. #XelaAriasTradutora

culturagalega.gal/lg3/novidade.p...

(4/5)



1 1 4

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 7 de mar.

A tradución d' #OQuixote do equipo de #XelaArias2021 foi a primeira completa ao galego, aínda que xa se puido ler antes nas páxinas de #ANosaTerra un fragmento traducido por Antón Valcárcel e Juan Beceiro xa o traducira íntegro na década de 1870.
academia.gal/novas/-/asset_...
(5/5)



TRADUCIÓN DOS CLÁSICOS CASTELANS

1990

O SIGALO D'OURO

DO "DON QUIXOTE" DE CERVANTES

¡Ditosa idade e sigalos ditosos aquiles ós que os vellos nomearon dourados! E non porque n'iles houbese, sin ningún trafego, ben doada colleita do ouro que tan estimado é n'ista nosa idade de ferro, si non porque os que n'aquiles tempos vivían, andaban desabidos dos verbes de teu e meu. N'aquila santa idade, todal-as cousas eran bens comunás; ninguén, pr'abranguel-a sua diaria manteñanza, tiña qu'esligar con outra acucia qu'a d'alongal-a man e pillal-as landras que de seu penduraban, temperadas e doces, das fortes enciñas. As craras fontes e os fuxidores ríos, en mañifica fartura, ben

Non se misturara a fraude, o engano nin a mala voluntade ca verdade, e o que se chama ser com'un é. A xusticia s'estaba en por si, na sua casa propia, sin que s'estrevesen a trubala nin asoballala as infruenzas nin os intereses que hoxe tanto señorío lle sacan e tanto a noxan e andan atrás d'elha. A lei do encaxe inda non se metera no entendemento do xués, porqu'entón nin habia que xusgar nin que fose xusgado. As mozas e a honestidade andaban, como teño dito, por onde queira soyas e señoras, sin medo de qu'os alleos estrevementos e deshonestas acucias, as aldraxasen, e a sua perdición

1 3 9

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 27 de feb.

En xaneiro de 1990 @Xerais publica #TigresComaCabalos, poemas de #XelaArias2021, fotografías #XulioGil. Deseñado por Miguel Vigo contén 24 creacións poéticas e fotográficas en cadanseu medio e en cadansúa soidade, despois intercambiadas entre os autores. [**058/365**]
(1/5)



1 16 30

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 27 de feb.

#XelaArias2021 #TigresComaCabalos #XelaAriasAntoloxía #XulioGil

(3/5)



ACOMPÁÑAME

Son dun tempo
de espectáculos, lanternas e acebeches comigo.
Tamén sei dunha violencia de silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo.

Na raia da evidencia —tan ás claras—
eu tributo, distraída dos pans,
cada pedazo entre o noxo das brasas,
no malestar do cotián ese
odioso caníbal dos meus ollos.

Porque
sei de sereas verdadeiras tamén cantando venenos,
e mais das inmensas prosas do descanso.
Pero é que as miñas zonas
tamén son rostros conxestionados polo traballo.
Maldigo o precio de vida que arrastran,
e fusilo de min a disciplina da ordenanza.

1 2 7

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 27 de feb.

#XelaArias2021 #TigresComaCabalos #XelaAriasAntoloxía #XulioGil

(4/5)



1990

Vigo

2 2 12

Manuel Bragado @bretemas · 34 min

A editorial Engaiolarte publica unha nova edición de «Tigres coma cabalos», poemas de #XelaArias2021, fotografías de Xulio Gil. A edición inclúe traballos críticos de @chusnogueira e Xosé Enrique Acuña #TigresComaCabalos [116/365]
engaiolarte.com/product/tigres...

2021

Vigo

Chíos | Chíos e respostas | Multimedia | Gústames

Manuel Bragado @bretemas · 9 h

O 16 de marzo de 1990 preséntase o libro e inaugúrase a exposición #TigresComaCabalos, poemas de #XelaArias2021, fotografías de #XulioGil, na Sala de Exposicións do Colexio de Arquitectos de Vigo. Días despois #FernandoFranco expresa o seu entusiasmo en @Farodevigo [059/365]

que se mezclan, combinan o fusionan ante la cámara. Y la poetisa entregó también el suyo, como entregó sus palabras.

XULIO GIL

Una de las fotografías de la exposición.

'Tigres coma cabalos', impresiones desnudas a través de fotos y poemas

F. Franco

Si estas fotos tuvieran firma americana, un Maplethorpe por ejemplo, colgarían ya de la madrileña sala Vijande (piense lo que piense el erudito de turno). bio y cada cual preparó 24 nuevas creaciones sobre los originales del otro. Por eso es imposible decir qué fue antes, si la imagen o el poema, ni falta que hace: son una simbiosis de sensaciones.

Un libro y una exposición. La también una impresión estética y un estado íntimo expresado en una página. Son dos artes a unir y las hemos unido en función de las impresiones íntimas que producen". Han abierto las ventanas.

7 25

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 3 h

O 25 de marzo 1990 Manuel Rivas @Rivasbarrs entrevista a #XelaArias2021 para @lavozdegalicia: «Xela Arias, a escritora que convertiu os cabalos en tigres» «Pero, onde está a miña xeración?» #XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos

lavozdegalicia.es/noticia/cultur...

[060/365]

La Voz de Galicia, domingo, 25 de marzo de 1990 COMUNICACION Y SOCIEDAD 105

NADA PERSONAL

Por MANUEL RIVAS

Xela Arias, a escritora que convertiu os cabalos en tigres

«Pero, ¿onde está a miña xeración?»

Aviso. Este libro pode ser de escándalo para o censo autóctono de inquisidores, badulaques, mexapilas, cabezas cadradas, tiquismiquis, toxoalérxicos, augachirlas, traficantes de conservas culturais o retorcidos varios.

O título deste sereno seismo, presentado tamén como exposición murada en Vigo, é o de «Tigres coma cabalos», un ensaio creativo de home e muller, Xulio Gil e Xela Arias, cunha converxencia/diverxencia de dúas artes: fotografía e poesía. Fotografías, todas, de corpos espidos e poemas tamén espidos, na onda desa ambición preciosa de «perder pé», como di Xela nun fermoso poema adicado a Luis Mariño.

Quixeron ir alén do libro-ilustración, do simple complemento texto-fotografía, e eles explican así a experiencia: «Fo-

mos con Xela Arias, 28 anos recén cumpridos, nacida en Lugo, pero viguesa desde cría, cando os seus pais decidiron establecerse na California galega. Xela publicou con anterioridade o poemario «Denuncia do equilibrio» e ten dado por aí moitos recitais, mesmo co grupo de rock «Desertores». «Son moi bos amigos e un pouco provocadores; nalgunha ocasión case tivemos que saír correndo».

—Creo que é unha novidade que unha escritora apareza no seu libro desnuda, a corpo descuberto, como modelo fotográfica.

—¿Temes o escándalo?.

—Eu non estaba moi convencida das miñas posibilidades coma modelo. É un traballo duro e difícil e que requiere certas cualidades. Foi Xulio quen me convenceu de que podía re-

Xulio Gil

préndeme hoxe que xente de 20 anos prefira estar na casa. Rebotábame además o sistema de estudios, cría que todo o que necesitaba podería aprendelo pola miña conta, e iso, o dos estudios universitarios, si que o boto de menos agora, porque tés que remontar certas limitacións.

—Octavio Paz sulliña o feito paradóxico de como ao final deste século tan racionalista o que están en alza son as relixións e os nacionalismos. ¿Que pensas diso?

—Creo que é algo comprensible. Ambalasdúas cousas reflexan a necesidade humana de ter algo ó que agarrarse. Os nacionalismos, por exemplo, tal como os entendo eu, son necesarios para recoñecerse nunha dinámica que arrasa as diferencias.

—¿E como entendes o femi-

1 9 31

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 1 h

En resposta a @bretemas

#XelaArias2021: «Os que escribimos estamos moi afeitos a facer cousas desde o silencio. A plástica, a música entran moi directamente, conseguen de inmediato impacto...»

#XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @Rivasbarrs @lavozdegalicia

1 2 2

Manuel Bragado @bretemas · 1 h

#XelaArias2021: «Hai que rebotarse contra a concepción do libro como un cadáver nun anaquel. Xa cando facía recitais loitaba contra iso...»

#XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @Rivasbarrs @lavozdegalicia

1 1 1

Manuel Bragado @bretemas · 1 h

#XelaArias2021: «Se puidese escoller unha reencarnación sería a dun Lou Reed en feminino...»

#XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @Rivasbarrs @lavozdegalicia

1 1 4

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 1 h

#XelaArias2021: «Tiven unha época moi revoltosa. Deixeille o título de bacharelato a meu pai na man e díxenlle que quería vivir independente. [...] Tiña moi interiorizado o anceio de independencia...»

#XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @Rivasbarrs @lavozdegalicia

1 2 4

Manuel Bragado @bretemas · 1 h

#XelaArias2021: «Dáme rabia ter que dicir que son feminista. Pásame igual co nacionalismo. Deixarei de ser unha cousa ou outra, cando as nacións soxulgadas non o sexan e as mulleres non estean discriminadas...»

#XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @Rivasbarrs @lavozdegalicia

1 2

Xela Arias. A Palabra esgazada - A esgazadora de versos - Capítulo 3 - Día das Letras Galegas 2021 **1990**

Manuel Bragado @bretemas · 8 de mar.

Concibido para conmemorar o 8 de marzo de 1990 apareceu o libro fotográfico «Traballadoras», editado pola Secretaría da Muller de CXTG, no que se inclúen 3 fragmentos de poemas de **#XelaArias2021**
Obra excepcional e pioneira, pode baixarse en pdf:
culturagalega.gal/imaxes/docs/tr...
[**067/365**]

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 8 h

O semanario #ANosaTerra do 29 de marzo de 1990 publica unha entrevista de Xan Carballa con #XelaArias2021: «Pertenzo a unha xeración pequerrichiña e diferente que non se identifica cos maiores nin cos máis novos» #XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @ANTDiario [061/365]

Guieiro

Nº 426

Xela Árias

'Pertenzo a unha xeración pequerrechiña e diferente que non se identifica cos maiores nen cos máis novos'

Xela Arias apreséntase cunha montaxe orixinal de fotografía e poesía na Sá do Colexio de Arquitectos de Vigo. "Tigres como cabalos" é unha experiencia inédita en certo sentido na que os poemas de Xela acompañan e son acompañados polas fotografías de Xulio Xil. O libro co mesmo título recolle todo o material exposto e vaise apresentar noutras cidades galegas.

XAN CARBALLA

Fotografía e poesía son dous xéneros minoritarios no mundo editorial e "Tigres como cabalos" atrévese non só coa exposición tamén co libro, "foi unha proposta de Xulio hai dous anos e une en verdade dous xéneros minoritarios, que están unidos polo seu carácter de reportaxe, de parquedade, de flash, de cousa rápida. Se funcionase acadando un maior público mellor que mellor. A lectura que se faga agora do que escribín xa non me preocupa. Se ante algunha foto alguén pensa que o poema é unha explicación da foto ou viceversa, todo vale".

"Para min a creación faise desde un estado de ánimo; esa tra cousa é o que tí produces no lector. Para min o novedoso do proxecto é que son dous xéneros minoritarios: nen na fotografía nen na poesía hai hábito público de lectura. Non me importa que a primeira quedada sexa coa foto, que é o que vexo que sucede na exposición, pero sorpréndeme ver que hai quen se decide a ler os poemas. Sei que o sitio do libro é a estantería e o lugar de leelo o sillón".

Xela Arias tiña publicado anteriormente "Denuncia do equilibrio" e pertence a un segmento de criadores agrupados, sen case perspectiva histórica, pola

teño o referente de Santiago, que era onde moitos empezaron a publicar, e máis ben quedei incluído entre os que quedaron en paro. E son o paro e a droga duas realidades que teñen marcado moito a este grupo no que me incluo. É unha visión moi persoal de agora, e quizais dentro de vintecinco anos vexa máis coincidencias".

Relación co lector

A poesía que fai ten sido marcada como urbana, sempre que lle demos validez a esa clasificación. Que marcas realmente atravesan a súa obra?

Non quero crer nesa clasificación. O médio fórmanos e desde os sete anos a miña cultura é urbana, eduquéisme xogando nun solar e logo de ir á escola nun arrabalde de Vigo, seguín estudos nun centro do Calvário que é un barrio tamén moi de cidade. Fixen vida de barrio, identificome con ela, e resúltame moi interesante o que saía de alí. O urbano non é parte de min senón unha circunstancia da vida.

Que mundos cre entón que reflexa a súa poesía?

Cada un enténdea como quer. Nunca decidín "vou ser poeta ou escritora" e sigo considerando que o fago por necesidade, aínda que esta obra que apresentamos agora si foi un proxecto máis preconcebido. No meu caso quero que a poesía sexa un territorio especial e no que só traballerei mentres considere que teño algo que dicer. Para min a poesía non é literatura, é outra cousa.

Nesa experiencia de individualidade da poesía, se a intervención do lector non é importante, que sentido ten publicar?

Si: conto co lector desde o momento en que me desdobro como "facía en "Denuncia do equilibrio" empregando o "eu" e

'O NOVIDOSO DE *TIGRES COMA CABALOS* É QUE SON DOUS XÉNEROS MINORITARIOS: NEN NA FOTOGRAFIA NEN NA POESIA HAI HABITO PUBLICO DE LETTURA. NON ME IMPORTA QUE A PRIMEIRA QUEDADA SEXA COA FOTO'

1 10 26

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 6 h

En resposta a @bretemas

#XelaArias2021: «A creación faise desde un estado de ánimo, outra cousa é o que ti produces no lector...»

#XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @ANTDiario

1 2

Manuel Bragado @bretemas · 6 h

#XelaArias2021: «Hoxe non me identifico co persoal da miña idade que fai poesía. Hai un momento en que creo se dividen as xeracións que é o ano 1975. Eu pertenzo a unha xeración que pasa ese ano da infancia á adolescencia...»

#XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @ANTDiario

1 3

Manuel Bragado @bretemas · 6 h

#XelaArias2021: «Desde os sete anos fixen vida de barrio, identifícome con ela, e resúltame moi interesante o que saia de alí. O urbano non é parte de min senón unha circunstancia da vida...»

#XelaAriasEntrevistas #TigresComaCabalos @ANTDiario

1 2

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 3 de mar.

En abril de 1990, **#XelaArias2021** publica o conto "Que si que si" en «Contos eróticos / Elas» @Xerais. Será a súa primeira obra narrativa publicada en formato libro. Participan tamén no volume Luisa Castro, Margarita Ledo, Mª Xosé Queizán, Ana Swarz e Helena Villar [**062/365**]



Tíñao contra a parede. Coma un Sebastián cravado. Pero el sorría, non tiña chagas e algo entre as súas pernas dicía que agradecía a posición.

Ela percorreulle, coa lingua húmida coma as linguas todas, a orella esquerda deixando os dedos caerlle no peito e acariñándolle os ombros.

A lingua tranquila e moi a modo foi explora-la nuca, o pescozo, volveu á orella, ó lóbulo, as meixelas, evitou a boca, zugou nos párpados e as sens.

El seguía cravado na parede, un Sebastián sorrinte.

Tíñao contra a parede, de pé espido contra a parede.

E no pacto el non se movía.

Sorría cos ollos pechos.

Ela, cos ollos a veces pechos, baixou máis abaixo os dedos, que rozaron o baixo máis agradecido del, e mentres alí se detiñan a súa lingua tranquila, tan a modo percorría un peito de ombro a ombro.

A lingua dela atopaba os músculos del rizando os pelos que bordeaban as tetiñas, e mordíalle un pezón agora, e ago-

13 45

1990

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 10 de mar.

O 14 de setembro de 1991 **#XelaArias2021** participou no Encontro de escritores galegos e portugueses celebrado en Santiago nunha mesa redonda sobre #MullerELiteratura. A súa intervención pode baixarse en pdf:
publicacions.academia.gal/index.php/rag/...
#XelaAriasConferenciante [**069/365**]
Abro fío (1/4)

1991

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 10 de mar.

En resposta a @bretemas

#XelaArias2021: «Permítome a falacia de escribir sendo muller e practicando a idea de que isto non comporta diferenza ningunha coa posibilidade de que eu fose un home....»

#XelaAriasConferenciante #MullerELiteratura

(2/4)



"Escribir, para min, é un acto de liberdade"

punto de vista moi orixinal
muller e literatura. Si orixi-
ue miñas, de primeira man
miñas propias experiencias;
uller e como «escribidora»
lexión con algunhas delas.
debo dicir que escribo desde

min, é un acto de liberdade
iamente as miñas neuronas
aire. Pero do mesmo xeito
liberdade practicado nunha
libre, senón especialmente
mercados, do mesmo xeito
acia de escribir sendo muller
dea de que isto non comporta
nha coa posibilidade de que

A min non me tocou queimar suxeitadores nas rúas, pero por moito que isto, ó que vemos, serviu de bastante hai vinte anos, as diferenzas seguen existindo tan evidentemente que nin os organizadores do encontro –representantes eles logo dun xeito de vida cultural, se se quere– pois nin eles puideron eludilas. E aquí estamos: non pertencemos ó debate do primeiro día, é dicir non formamos parte da mesa «Panorama da poesía galega actual», por máis que tódalas que aquí estamos teñamos publicado máis dun poemario, e haxa quen xa é historia. Tampouco hai unha soa muller no segundo día «Panorama da narrativa galega actual», por máis que polo menos dúas das que aquí están veñan de publicar narrativa hai tempo, e mesmo teñan en recente algunha novela.

A cousa non será para as barricadas, nin é estraña tampouco. Só doe. Pero non fai máis que responder ó que acontece aí fóra, na vida dos días.

E aínda que doia, pretendo que cando me sento diante dun papel non penso: son muller. Como non penso son miope, son galega. E permítome non pensalo porque elixín ou elixíronme os folios para contar non sei ben que a non sei ben quen. E quero que siga sendo así. Pero como durante 24 horas cada día son plenamente consciente de que son muller, miope e galega, tamén sei –e por iso a falacia faise falacia da falacia, e logo deixa de selo– que eu só podo escribir desde muller, desde miope e desde galega.

E cando me sentei a facer estas letras para non perder o fío descaradamente diante de vós, non sabía que podería contar Luz, nin Margarita nin María Xosé. Sei que as súas formas de vivir muller han ser distintas á miña, anque nada máis sexa por idade e experiencias, e que as miñas –en boa parte porque elas existiron, escribiron antes– débenlles unha parte da «falacia» na que podo, ou podemos ou adoitamos movernos as da miña xeración.

Quero dicir, as que nacemos nos anos 60 –non vou dicir que cos yeyés, iso si é boa falacia aquí–, abriamos corpo e adolescencia cando este país comezaba a cheira-los ventos da democracia –por puro desgaste ou hipocrisía dos termos e sen afondar demasiado no que dicían eramos aquela xeración «pasota»–, roldabámo-los vinte cando comezaba a tan afectada, narcisa e posmodernísima década dos 80. Pois ben, os primeiros vinte anos dunha persoa son os que lle forman as tripas, son os que as volven, revolven, torcen e fascinan ata conforma-lo que un vai ser de adulto. Despois trátase de ter máis ou menos interese en conservar aquel sangue, en reflexionalo e axeitalo

1991

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 10 de mar.

#XelaArias2021: «Cando escribo libero pantasmas, pudores, grazas, neuras e beneficios... Cando escribo son libre, profundamente libre e voluptuosa en min coas palabras ...»

#XelaAriasConferenciante #MullerELiteratura

(3/4)

nalo coa vida mesma, coa parte
non depende dun mesmo.
on os nosos anos de formación,
endencia económica desde os
iezo os anticonceptivos porque
aria, se asistín sempre a escolas
n filla de pistolas, camións e
podo partir do mesmo sitio, e
mpamente o mesmo punto de
ha muller con só –poñamos–
áis ca min?
ha falacia.
co Instituto da Muller, coa
c., pertencemos a unha 'raza'
de Instituto, que precisa de
lo segue sendo boa presenza,
e agora engádeselle: traballe
e, non querían ser iguais? E si,
na un home. Pero iguais quere
is, e eles –na maior parte dos
eron que deberían achegarse
ndo –ese que representamos
s de anos como sustento
nilia– cando menos na medida
achegamos ó «deles» –ese que
esde sempre como cazadores, e
onómico da familia.
externo segue sendo Kim
a *madonita* de moda. Nin María Conde, nin Severa Ochoa. Edit Creson, comentan no bar, foi amante de Miterrand. Cory Aquino, a viúva de Aquino. Iso si, triunfan deseñadoras, cantantes e actrices. Á fin, andouse un montón para estar no mesmo sitio.

Escribo desde aquí.

A miña maneira de dici-lo que penso é escribir desde aquí, desde a sabenza de todo isto. De calquera cousa que se me ocorra, o que me apeteza, o que me dea a gana, ou máis rabia ou máis gusto me dea... desde aquí.

Ó final, a teoría é a mesma para todas.

E de que o modelo externo segue a selo mesmo teño unha proba moi ilustrativa que creo se reproduce en moitas mulleres novas cando comezaron ou comezan hoxe a publicar.

Publiquei o meu primeiro libro, *Denuncia do equilibrio*, no ano 1986, cando había quen coidaba estar nunha doce idade de ouro da poesía, non se soubo nunca ben se atendendo á calidade, pero desde logo si apoiándose na cantidade. Cantidade había sumando os dous sexos, pero abóndanme os dedos das mans para cita-los nomes das que entre todos eran mulleres novas publicando naquel momento, e hoxe sóbranme os dunha man soa para contar as que sobreviviron daquilo

ue nisto estamos moitas,
ama galego senón tamén
ue a ecuación é universal.
adir que hoxe por hoxe
esta sangría no «todo pola
la fama» que canibaliza a
eadores no mundo enteiro.
.
odo contarvos,
máis. E non
eu caso, que
orque unha
me exemplo
onde anda a
e muller neste
Tigres coma
Non sei se o
que deberiades).
so que son 48
ranco e negro e

ado, querido e gratificante,
editorial e tivo xa de
boa acollida. Adiante.
ante, vía libre, e mesmo
ndelo para o Nadal como
Non sei se rir agora ou

Eu cando escribo libero pantasmas, pudores, grazas, neuras e beneficios. Cando escribo son libre, profundamente libre e voluptuosa en min coas palabras. Pero este libro, que se vende bastante ben para se tratar de poesía e fotos –aínda que sabemos que non tanto como se soba nos estantes das librerías–, espantou.

Somos moi hipócritas, porque vivimos nunha sociedade da que a súa parte que se di culta comenta as tetas antes có significado, e mesmo só.

Pregúntome: sendo a fotografía unha arte universal en si, tendo estes «cultos» en gran parte e sen complexos visto libros de nus a eito, e non facendo problemas se o texto viñese *made in Usa*, por que no ámbito galego aínda hai estúpidos/as –demasiados– que atoparon nel sorpresa libidinosa? Dáme pena. Se quixésemos facer un libro libidinoso, e quedarnos co público desde aí, sabemos ser máis arriscados pornográfica, eroticamente falando! Houbo quen mesmo desde os papeis non se cortou en apoñerlle o título de poemas eróticos e fotos eróticas. OK. «O

1991

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 10 de mar.

#XelaArias2021: « O meu compromiso comigo está en escribir dende min. E eu son muller, miope e galega. Só cando esqueza iso deixarei de ser fiel ó feito das mulleres, das miopes e das galegas...»

#XelaAriasConferenciante #MullerELiteratura

(4/4)



greso enteiro, a min éme máis
, e creo que por ben da literatura
lo para todas, comezar a explorar
s de literatura que facemos como
creadoras. Porque mesmo tódolos
s que usei demostráronme que á fin
nza está máis na recepción da obra
mo e por que se fixo ela. As críticas
s textos, ou deben falar de textos. Isto
i hora de reclama-las diferenzas que
esar, que se deben referir ás opcións
s que cada autora –como artífice
– escolle. As diferentes ideoloxías,
internas, éticas e cosmogonías nas
ove e pretende espallar ou remover.
e moitas veces desde a crítica ou a
caemos as mulleres nun pretendido
país», facer patria de muller que
rmente me desespera. E mesmo
eres poden acabar pedíndonos que
moral, moralexa desde a creación.
meu compromiso comigo está en
desde min. E eu son muller, miope
. Só cando esqueza iso deixarei de
feito das mulleres, das miopes e das

un conto sen pretensións para o
Contos eróticos/elas, «Que si, que
a protagonista era unha de tantas

mulleres «liberadas» que –na pasad
o modelo estaba estendidísimo–
relacións superficiais e «desint
con varios homes distintos, no
morbosamente, cos alumnos ós que
na universidade, e cando decidía c
vida marchaba de retirada a un c
mosteiro onde acababa por descu
por medio de películas, mesmo as
compartían un xeito de delirio er
protagonistas estaban na rúa, e ato
mancheas en calquera pub nocturn
disfraces de caza. Só lin dúas críti
texto. As dúas de mulleres. Unha pu
aspectos da estrutura. OK, entra d
seu traballo de crítica, é unha crític
podo asumir ou non, pero en todo ca
parte do xogo ó que nos prestamos
que publicámo-lo que escribimos
outra –para máis dolor debo dicir
bandeira da máis impropia ortodox
ela consideraba feminismo– preg
escandalizada que que imaxe se p
das mulleres presentando unha ni
Textual. Que dicir? Sendo a pro
texto erótico, o criticable será se
e personaxes responden á prop
traballo. Non se son máis ou meno
Deberiamos agocha-los modelos de

que existen e non casan co concepto que debemos ter do q
deben ser? Mesmo debemos negárno-lo dereito a inventalas?
quixese unha protagonista eticamente corrompida, que?

Para min, penso eu que debe selo para todas nosoutras, é
máis feridor e criticable, denunciable e aldraxante que hon
están escribindo hoxe ó noso carón, parece que pretendid
feministas eles e relacionados con círculos feministas, sigan f
poemas amatorios onde eles son o lobo e elas as estáticas,
inútiles e estúpidas carapuchiñas desexantes de sempre. Elas
tendo malditas rosas nos beizos mentres bambolean os pés s
no pedestal que as inutiliza. Pasean estes homes despois
relacións feminists para se xustificar do absurdo? Señoras, é
nos matan. E nisto, non o esquezamos, non se avanzou nad
poemas podíanse escribir hai cen anos. Só nós non podiamos
lo que escribimos hai cen anos.

1991

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 13 de mar.

Rogelio Garrido (@roge_garrido), actual director de @Farodevigo, asinaba o 13-10-1991 a crónica do «XI Festival de Poesía do Condado» celebrado en Salvaterra e no que participaron **#XelaArias2021**, Ferrín e José Viale, entre outros poetas.
As fotos son de @RicardoGrobas [**072/365**]

SOCIEDAD

FARO DE VIGO
Domingo, 13 de octubre de 1991

GROBAS

Ferrín charla con su poeta y amigo portugués José Viale Moutinho.

Reunión de poetas y de palabras

Centenares de personas asistieron, en un día gris, al 'XI Festival Da Poesía no Condado'

1991

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 15 de mar.

#XelaArias2021 participa en outubro de 1992 no «XII Festival da Poesía no Condado» onde inclúe na súa publicación os poemas «Independencia 1» e «Independencia 2». #XelaAriasFestivalDaPoesiaNoCondado

Pode baixarse o libro completo en pdf:

poesiagalega.org/uploads/media/...
[**074/365**]

XII FESTIVAL DA POESIA
NO CONDADO
Estou no Exipto
Estou na Exipto
Estou no Exipto
Estou no Exipto
Estou no

Manuel Bragado @bretemas · 16 de mar.

O domingo 12 de xaneiro de 1992 **#XelaArias2021** inicia a súa colaboración con #XornalDiario co artigo «Unha parcela de Sur» #XelaAriasArticulista

«Nós enfiámo-lo sur da ecuación famélica: benestar a un lado, calamidade ó outro: norte-sur».

[**075/365**]

(1/2)

Manuel Bragado @bretemas · 16 de mar.

En resposta a @bretemas

#XelaArias2021 publicará en #XornalDiario en 1992 outros tres artigos: «Cando me sinto máis anana» (8 de marzo), «Conciencia de sexo» (22 de marzo) e «Etiquetar a calidade» (17 de maio) #XelaAriasArticulista

(2/2)

ATENEUM III

NEUM

Poeta y traductora

C

os dous pés xa no

debe a cada proxecto de "ano novo vida nova"

1992

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 17 de mar.

O 9 de xullo de 1992 **#XelaArias2021** casa co fotógrafo e matemático ourensán Xulio Gil Rodríguez, con quen en 1994 tivo o seu único fillo, Darío; separáronse no ano 2002.
Foto dese día coa súa compañeira de @Xerais @CeliaTorresBo

[076/365]

1992

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 18 de mar.

O 14 de marzo de 1993 o xornalista X.M. del Caño entrevista a #XelaArias2021 nas páxinas de @Farodevigo: «O erotismo involuntario de Xela Arias. A autora sufriu algún rexeitamento por saír espida nun libro» #TigresComaCabalos #XelaAriasEntrevistas
[**077/365**]

D/6 DOMINGO FARO DE VIGO Domingo, 14 de marzo de 1993

El erotismo involuntario de Xela Arias

La autora sufrió algún rechazo por salir desnuda en un libro

X.M. DEL CAÑO

XELA Arias y Xulio Gil se unieron en un proyecto de trabajo, para publicar un libro de poesía y fotografías. La primera elaboró 24 poemas y el segundo 24 fotos. "Los intercambiamos. Yo trabajé sobre sus

sensualidad (en la que incluye su libro) es algo sutil, que nos toca en la piel y un poco en el estómago; entiendo que el erotismo traspasa la piel y va más directamente a los órganos sexuales, y la pornografía es otro paso más, que incluso puede llegar a ser amoral".

Un cuerpo desnudo no tiene porque ser erótico, según esta teoría. "Es más, incluso puede ser algo decadente, en un momento dado, para convertirse en

1993

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 19 de mar.

En novembro de 1993 publícase «O derradeiro dos mohicanos», novela (488 páxinas) de Fenimore Cooper, tradución galega, con introdución e notas de **#XelaArias2021**, dentro da colección #Xabarín de @Xerais #XelaAriasTradutora [**078/365**]

gl.wikipedia.org/wiki/O_derrade...

⬇️

(1/3)

1993

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 19 de mar.

En resposta a @bretemas

Tamén ao remate de 1993 publícase «Camiñando sobre as augas», libro de seis relatos de José Viale Moutinho, tradución de #XelaArias2021, dentro da colección #Narrativa de @Xerais #XelaAriasTradutora

⬇️

(2/3)



1993

Vigo

O 5 de novembro de 1994 #XelaArias2021 recibirá o Premio de tradución Ramón Cabanillas (compartido con Darío Xohán Cabana pola versión de «Vida Nova» de Dante) pola tradución d' «O derradeiro dos mohicanos» de Fenimore Cooper #XelaAriasTradutora #XelaAriasPremiada @Xerais (3/3)

1994

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 14 de mar.

#XelaArias2021 inicia en setembro do 91 os estudos de Filoloxía Hispánica na @uvigo, que compartirá co labor como tradutora e editora externa de @Xerais, licenciándose en 1996 na @UniversidadeUSC, onde comezará a especialidade de galego-portugués
[**073/365**] Foto: @Farodevigo 1994



1994

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 20 de mar.

O 9 de marzo de 1994, tras a publicación d' #ODerradeiroDosMohicanos, o xornalista Francisco J. Gil entrevista a @XelaArias2021 en @Farodevigo. #XelaAriasEntrevistas: «O tradutor é tan traidor como o actor cando interpreta unha obra» **#XelaAriasTradutora** [**079/365**]

(1/4)

ya más de una docena de traducciones, todas ellas al gallego, del español, italiano, inglés y portugués. La última, "O derradeiro dos mohicanos", versión gallega de la más popular obra de Fenimore Cooper, ha sido publicada en la colección Xabarín de Xerais y representa, sin lugar a dudas, una de las más ambiciosas obras de traducción que se puedan hacer sobre una novela clásica de aventuras, equiparable a "Moby Dick" por su complejidad y extensión.

"El traductor es tan traidor como el el actor cuando interpreta una obra"

FRANCISCO J. GIL
VIGO

No es su primera traducción. Comenzó allá por la mitad de los ochenta con una obra infantil de Jorge Amado "O gato malladó". Posteriormente tradujo de Camilo Castelo Branco "Amor de Perdición" y llevó por ella el premio de la Asociación da Lingua Portuguesa. Suma quince traducciones al gallego, de cuatro idiomas: español, portugués, inglés e italiano.

—¿Ser escritor o poeta reporta ventajas a la hora de traducir?

rarse innecesarios hoy día. Excesivas descripciones de paisajes, largos desarrollos de las acciones. Pero hay que ponerse en la época en que el libro fue escrito. Para la mayoría de los posibles lectores, los territorios donde se desarrolla la acción, la vida de los mohicanos y las luchas que se plasman en el texto eran incógnitas. De ahí que entonces no sobrasen. Como en "Moby Dick" que la mayoría de las ediciones reducen los pasajes en los que Melville explica las artes para la captura de la ballena. Pero creo que en buena lógica hay que darle al lector la oportunidad de que

cuatro cánceres son evitables

El 75 por ciento de los cánceres "son potencialmente evitables" y se deben a agentes externos, dijo en Valladolid el director de la Asociación Española contra el Cáncer, Ricardo Alba. Alba, que participó en las sesiones de trabajo de un Curso de Formación de Voluntariado, organizado por la citada Asociación destacó que "la prevención disminuirá la enfermedad" y lanzó el "mensaje esperanzador" de que "el cáncer se puede prevenir y curar". Manifestó también que en España hay 40.000 voluntarios que colaboran con la Asociación contra el Cáncer y agregó que esta entidad se propone formar a personas para que puedan prestar ayuda en hospitales y en domicilios de enfermos.

El colesterol puede crecer por causas genéticas

La hipercolesterolemia o

1994

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 20 de mar.

En resposta a @bretemas

#XelaAriasEntrevistas: «Na tradución é importante saber que palabras, que xiros, de que elementos se dispón no idioma de destino para trasladar as ideas do autor.» #XelaAriasTradutora #FranciscoJGil #XelaArias2021 @Farodevigo

⬇️

(2/4)

1994

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 20 de mar.

#XelaAriasEntrevistas: «Sempre teñen máis prestixio os idiomas que representan as culturas máis poderosas. O quechua é un idioma tan competente para a filosofía como o alemán. Outra cousa é...»

#XelaAriasTradutora #XelaArias2021 #XelaAriasLinguas @Farodevigo

⬇️

(4/4)

No hay idiomas mejores ni peores

—¿Cree que hay idiomas mejores para acoger una traducción que otros?

—No. No hay mejores ni peores. Todo idioma representa una cultura y siempre que haya una cultura detrás un idioma es capaz de generar literatura o de acoger literatura traducida de otro idioma.

—Sin embargo se dice que ciertos idiomas son más aptos para determinadas cosas. Por ejemplo, que el alemán, por su estructura aporta más cualidades para la filosofía.

—Es propaganda. Repito que es una cuestión de prestigio. Siempre tienen más prestigio los idiomas que representan a las culturas más poderosas. El quechua es un idioma tan competente para la filosofía como el alemán siempre que alguien filosofe en quechua. Otra cosa es

—O que el gallego.

—Por supuesto. Pero ello no inhabilita al gallego ni para filosofar ni para hacer creación literaria. En "O derradeiro dos mohicanos", por trabajar con el ejemplo del libro del que hablamos, hay muchos aspectos cuya comprensión puede resultar más fácil a un gallego que a un castellano. Y no por cuestiones de idioma que, repito, ninguno tiene unas trabas ni una disposición especial, sino porque hay características, pienso ahora en el personaje "Ollo de Falcón", que tienen mucho en común con la ironía del hombre rural gallego y por tanto pueden resultar más comprensibles en una lectura gallega. Pero hay que acabar con el mito de que hay idiomas mejores y peores. El árabe puede que tenga una mayor riqueza léxica para conceptos

1994

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 22 de mar.

O domingo 4 de decembro de 1994 o xornalista Juan Carlos Álvarez entrevista a **#XelaArias2021** para a sección «Gallegas» de @Farodevigo: «Os sentimentos son o burato que deixaron ás mulleres» #XelaAriasEntrevistas @alvarez_juancar

[081/365]

de mi pasado, desde el presente que tengo y desde el futuro que quiero", por estos motivos afirma Xela Arias que está comprometida en su labor como escritora de poemas. Con su recién inaugurada maternidad, esta mujer que compagina su trabajo lírico con el de

XELA ARIAS

nuevo libro de poemas que "espero hacer este año". Sin embargo, no tiene prisa y no desea marcarse metas en su vida inmediata. Darío, el recién llegado a este mundo, concentra la mayor parte de su atención.

"Los sentimientos son el agujero que han dejado a las mujeres"

JUAN CARLOS ÁLVAREZ

Han pasado unos años desde que apareció "Denuncio de equilibrio", primer libro de esta gallega que, como dice, "espero escribir toda la vida, aunque si tengo que

sas que te producen dolor de barriga. Ves zancadillas, oportunismos, vanidades, aspectos que te desengañan de alguna forma.

♦ ¿Usted cree que las mujeres tienen

1994

Vigo



Fábula

Outra vez e coma sempre chea: verde primavera
e un paso a despropósito de ruídos, murmurios e silencios.

Máis saúdo á primavera polo que poida ser:
Se rebento de froita, feliz creación completa:
Se anuncio de estío, seca fame das fontanas.

Saúdo á primavera e inxenua absolvo
do seu poder
a bolboretas, margaridas, cempés, saltóns e lavandeiras.

Estúpida e inxenuamente absolvo
a quen derrota presentando formigas cara ó inverno.
Pero absolvo,
absolvo porque poidamos ser, se poida ser,
cigarra dunha tempada a cambio.

XELA ARIAS

1995

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 21 de mar.

O 10 de outubro de 1994 nace Darío, o fillo de #XelaArias2021 e Xulio Gil Rodríguez [**080/365**]
#DarioADiario

⬇️

(1/6)

1994

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 21 de mar.

En resposta a @bretemas

O 22 de decembro de 1996 chegou ás librarías o terceiro libro de poemas de #XelaArias2021, «Darío a diario», publicado por @Xerais en edición singular preparada por Xosé M. García Crego. Utilizouse encadernación acartonada e papel verxurado crema.
#DarioaDiario

⬇️
(2/6)

1996

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 21 de mar.

#DarioADiario será recibido pola poeta Xohana Torres cunha reseña publicada no nº 27 do #NovidadesXerais:

«Poesía de atmosfera esencialmente feminina, marcada polos pasos dun neno polo mundo de emocións e significados inéditos.»

#XelaArias2021 #XelaAriasCriticas

⬇️

(3/6)

1996

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 21 de mar.

«Imos, meu ben, camiñar sereno
pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos
comeza-lo xeito da túa vida, e mírame,
mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos
dos teus días xunta min.»

#XelaArias2021 #DarioADiario #PalabrasDeXelaNoDiaDaPoesia

⬇️

(4/6)

1 8

Manuel Bragado @bretemas · 21 de mar.

«Nada que ver coa posesión.
Non te posúo nin quero.
Cóidote, ámote e manteño a esperanza
de aprenderche a te posuíres.»

#XelaArias2021 #DarioADiario #PalabrasDeXelaNoDiaDaPoesia

⬇️

(5/6)

1996

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 21 de mar.

«¿Que é o necesario?
Coma sempre:
asumir que me equivoco e seguir investigando.
Coma sempre en min,
e máis contigo.»

#XelaArias2021 #DarioADiario #PalabrasDeXelaNoDiaDaPoesia

Capa da nova edición de @Xerais (2021)

⬇️

(6/6)

1996

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 29 de mar.

Durante o curso 2002-2003 **#XelaArias2021** será profesora de Lingua e literatura castelá no IES Álvaro Cunqueiro de Coia (Vigo). Na revista do instituto, «O trasno», publicará os poemas «Never more» (2003) e «Cadáver de Man»(2004, póstumo). #XelaAriasProfesora #NuncaMáis [**109/365**].

2002/2003

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 20 de abr.

O 15 de febreiro de 2003 **#XelaArias2021** le con outras artistas a declaración «Pola paz mundial» ao termo da histórica manifestación contra a guerra de Iraq de Vigo na que participaron 135.000 persoas; mobilización repetida un mes despois. #XelaAriasActivista #NonAGuerra [**110/365**]

Un aspecto de la multitudinaria manifestación de ayer en Vigo contra la guerra en Irak convocada por la Coordinadora Galega pola Paz.

Vigo grita un "no" masivo a la guerra

▶ La Policía Local calcula en 135.000 las personas que salieron ayer a protestar contra la intención de atacar a Irak

▶ El alcalde y los líderes de las principales fuerzas políticas y sindicales, salvo del PP, marcharon al frente de la protesta

CARLOS G. MACHUCA • VIGO

La ciudad se convirtió ayer en un clamor contra los intentos de EE UU y Gran Bretaña de atacar a Irak, que cuentan con el apoyo explícito del Gobierno de José María Aznar. Vigo se sumó de forma masiva a una oleada de protestas que recorre el mundo.

Pasadas las siete de la tarde, una marea de más de 135.000 personas, según la Policía Local, llenaba la Gran Vía, Urzáiz y Lepanto coreando las 13 consignas antimilitaristas, pacifistas y, sobre todo, contrarias a George W. Bush, Tony Blair y José María Aznar, que emanaban del sistema de megafonía instalado en un automóvil que marchaba a la cabeza de la manifestación.

La manifestación transcurrió de la Coordinadora Galega pola Paz convocante, partieron de la confluencia de las calles Gran Vía, Urzáiz y Lepanto coreando las 13 consignas antimilitaristas, pacifistas y, sobre todo, contrarias a George W. Bush, Tony Blair y José María Aznar, que emanaban del sistema de megafonía instalado en un automóvil que marchaba a la cabeza de la manifestación.

La manifestación transcurrió dad, salvo los del Partido Popular, caminaban en las primeras filas de la protesta, tras una pancarta en la que se leía un escueto "Non á guerra", firmado por la plataforma convocante, integrada por partidos políticos, sindicatos, organizaciones no gubernamentales, ecologistas, pacifistas, asociaciones estudiantiles y fundaciones, entre otros colectivos.

da por cinco furgones del Cuerpo Nacional de la Policía. Su lento discurrir por el centro de la ciudad, dadas las grandes proporciones de la concentración humana, provocó que cuando los primeros manifestantes llegaron frente a la sede de la Xunta, en As Avenidas, la cola de la protesta ni siquiera se hubiera movido. Incluso una hora después de terminada, seguía bajando gente por la

bordada y reclamaba insistentemente a los manifestantes que se adentraran en Montero Ríos para facilitar el flujo de personas hacia esta zona.

En la calle Concepción Arenal, los actores Antonio Durán "Morris" y Aurora Maestre; los poetas Xosé María Álvarez Cáccamo y Xela Arias; y la violinista Laura Quintillán procedieron a la lectura, sobre un pequeño palco,

14 • VIGO

FARO DE VIGO
Domingo, 16 de marzo de 2003

El alcalde y el resto de los candidatos a las municipales, salvo del PP, marcharon a la cabeza de la protesta

La ciudad renueva su "no" a la guerra

▶ La Policía Local calcula en 80.000 personas las que participaron en la marcha; la organización, en 150.000

▶ La manifestación contra el posible ataque a Irak fue menos numerosa que la de hace un mes

CARLOS G. MACHUCA • VIGO

La ciudad volvió a gritar ayer un "no" rotundo a la guerra contra Irak. Quizás no lo hizo de forma tan masiva como hace un mes, pero sí con igual contundencia. La Policía Local calculó en 80.000 las personas que tomaron parte en la protesta convocada por la Coordinadora Galega pola Paz, que a su vez cifró la asistencia en 150.000 manifestantes.

La marcha guardó ciertas similitudes con la anterior convocatoria, celebrada el pasado 15 de febrero, aunque también notables diferencias. La más evidente

2003

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 11 h

O 9 de xuño de 2003 #XelaArias2021 publica «Intempériome» na editorial Espiral Maior. Será presentado o 9 de xullo na Casa Galega da Cultura de Vigo coa participación de don Francisco Fernández del Riego e do editor Miguel Anxo Fernán Vello #Intempériome #EspiralMaior [112/365]

42 ▪ SOCIEDAD

FARO DE VIGO
Jueves, 10 de julio de 2003

María do Carme Kruckenberg, Arcadio López-Casanova, Xela Arias, Marta Dacosta e Antía Otero son os autores

Espiral Maior presenta cinco novos libros da súa colección "Poesía"

O director da editorial, Miguel Anxo Fernán-Vello, califica a Vigo como "o motor da poesía galega"

DE ARCOS

De esquerda a dereita, Marta Dacosta, Xela Arias, Fernández del Riego, Fernán-Vello, Krukenberg e Antía Otero.

ALBERTO QUIAN • VIGO

A editorial Espiral Maior pon no mercado cinco novos títulos da súa colección "Poesía", presentados onte na Casa Galega da Cultura e apadriñados por Francisco Fernández del Riego. Trátase dos poemarios "Do tempo posuído", de Arcadio López-Casanova; "Lembranzas da beleza triste", de María do Carme Kruckenberg; "Intempériome", de Xela Arias; "As amanges de Hamlet", de Marta Dacosta e "O son da xordeira", da novel Antía Otero.

O director de Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán-Vello, quixo celebrar de seito especial a incorporación de Antía Otero, de 21 anos, ás letras galegas, con "O son da xordeira", co que, según o director de Espiral maior, "demóstrase a forza que ten a poesía galega nos máis novos". E destacou a súa "alta calidade" e a súa "individualidade" e destas obras encontra o seu sentido no feito de que se trata dunha cidade que "nestes momentos é o centro poético de Galicia". Nese sentido, engadiu que a cidade olívica é actualmente "o motor do mundo editorial en xeral y da poesía en particular" na Comunidade.

Fernán-Vello quixo celebrar de seito especial a incorporación de Antía Otero, de 21 anos, ás letras galegas, con "O son da xordeira", co que, según o director de Espiral maior, "demóstrase a forza que ten a poesía galega nos máis novos". E destacou a súa "alta calidade" e a súa "individualidade" e puntos de referencia: "Unha costureira que tece de costas ao mundo, pero que tamén soña e quere vivir; e a aldea, presente en min, nos meus pais e nos meus avós".

Xela Arias recha con "Intempériome" un silencio editorial de sete anos. Trátase dun libro que "é expresión dun momento de efervescencia interior, dos momentos coñeceu que cos "As amantes de Hamlet" rompeu coa tónica dos seus poemas anteriores. Neste caso presenta "unha alegoría" na que a súa Duma da Poza simboliza a tódalas escritoras do mundo. Neste poemario recoñeceu que mesturou as tradicións poéticas mediterránea e atlántica.

Kruckenberg amosa en "Lembranzas da beleza triste" que se vai". "É un libro de nostalxia, da nenez, desa xuventude que se foi pouco a pouco, pero que está ahí", explicou a poetisa.

No caso de López-Casanova, o único que non puido estar na presentación, Fernán-Vello explicou que "Do tempo posuído" é unha "antoloxía revisada da súa obra, a definitiva", na que se inclúen poe-

2003

Coruña / Vigo



POESÍA

«Intempériome»

Xela Arias. Espiral Maior. 88 páxinas. ✱✱✱

Había sete anos que Xela Arias non publicaba ningún poemario, aínda que nunca deixou de realizar relevantes achegas no ámbito da traducción ao galego. Mais tal vez fose preciso agardar todo este tempo para saborear gorentosamente a forza das súas propostas e deixarse levar pola rotundidade e atractivo que encerran.

Intempériome, se cadra, ofrece un salto cualitativo na súa producción por varias razóns. Nel déixanos a súa voz lírica á intemperie, sae fóra, ábrese á natureza, ao mundo e a todos nós; ofrécese sen ningún acubillo, ou se cadra terma do acubillo da palabra poética que se esgaza, que se fere, mesmo que chega a distorsionarse e retorcerse ata o máximo posible. Versos voraces, duros e doentes, desde unha soleira que se entende como combate e que logo esvara e serpea polo verso breve, curto e sinxelo, unha sorte de aforismos, sentencias para vivirmos a vida desde a intelixencia, a emoción, a reflexión e o sentimento. **R. N.**

LETRASENGALEGO

FARO DE VIGO
LIBROS

Intempériome

Unha entrega lírica de Xela Arias

Dorinda Castro Soliño

Segundo o Gran Diccionario Xerais da Lingua, a palabra *intemperie* significa "irregularidade no tempo climático; mal tempo e, nunha segunda acepción "a ceo descuberto, ao aire libre". Citámolo así para presentar o singular e suxerente título do último libro de poemas da escritora Xela Arias: *Intempériome* que, ademais de ser palabra ben sonora, representa unha declaración de intencións sobre a súa poética.

A autora de *Denuncia do equilibrio*, *Tigres coma cabalos* ou *Dario a diario* , ten tamén levado a cabo funcións de asesora filolóxica, editora e tradductora de máis de dúas ducias de obras , labor polo que mereceu o Premio da Sociedad da Lingua Portuguesa de Lisboa e o Premio Ramón Cabanillas no ano 1994.

Intempériome, o seu último libro que vén de saír á luz editado por Espiral Maior. Trátase dun conxunto de trinta poemas dividido en tres partes: "E e así que se me din que agarda"; "Corazón cuestión" e "Vencerse é cousa de se tratar". Nel preséntanos poemas de fasquía longa ou poemas breves coma haikus ("porque contraes débedas/ cos pasos que enlazas"). Se xa no título se nos presenta un pronome persoal que nos sorprende, así tamén sucederá ao longo do poemario no que os pronomes de primeira e segunda persoa se "conxugan" xuntos : "baléirateme, mediocratízasme, carnavalízasme, entrégoteme, tal confundes verso e palabra,/ así che estrago os pronomes ou este outro á maneira de invitación e de xogo de palabras: vén que te reto/ a te ver ti a ti desde tí en ti"



Son. os deste volume, poemas que falan de amor "desordénome , amo, e dou co punto/ único / do centro dos abrazos" , que falan do paso do tempo " o tempo.../!que se perda!, maino, diante nosa", no que vemos unha homenaxe a Jaime Gil de Biezma: de certo, a vida ía en serio" , que falan de morte : "xa temos cadáveres amigos/ e coñecidos,/ sabemos da morte o legado inútil" e de tempos alienados.

Áchánse tamén referencias á Biblia ou á oracións: parín sen dor/ e con pracer, ou"vós desterradas", verso do primeiro poema do volume , que se refire á muller negra e á sida: "ispeme o idioma e sábemo suando a sida".

Poesía sulcada de paradoxos e anfiboloxías como as seguintes: " a temeridade sálvame/ de sentir a covardía", sempre hai un gañador/ anque perda", "non te sei/ se non me trato aquí".

É, esta de Xela Arias, unha poesía,pois, dirixida a un tí, a un nós a sí, inzada de pronomes que consagra a autora e confirma o importante papel das mulleres na Literatura Galega dos últimos anos.

ARIAS, Xela, Intempériome, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2003, 79 páxinas.

2003

A Coruña

FARO DE VIGO
Jueves, 10 de julio de 2003

María do Carme Kruckenberg, Arcadio López-Casanova, Xela Arias, Marta Dacosta e Antía Otero son os autores

Espiral Maior presenta cinco novos libros da súa colección "Poesía"

O director da editorial, Miguel Anxo Fernán-Vello, califica a Vigo como "o motor da poesía galega"

ALBERTO QUIAN • VIGO

A editorial Espiral Maior pon no mercado cinco novos títulos da súa colección "Poesía", presentados onte na Casa Galega da Cultura e apadriñados por Francisco Fernández del Riego. Trátase dos poemarios "Do tempo posuído", de Arcadio López-Casanova; "Lembranzas da beleza triste", de María do Carme Kruckenberg; "Intermpériome", de Xela Arias; "As amanges de Hamlet", de Marta Dacosta e "O son da xordeira", da novel Antía Otero.

O director de Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán-Vello, asegurou que a presentación en Vigo destas obras encontra o seu sentido no feito de que se trata dunha cidade que "nestes momentos é o centro poético de Galicia". Nese sentido, engadiu que a cidade olívica é actualmente "o motor do mundo editorial en xeral y da poesía en particular" na Comunidade.

Fernán-Vello quixo celebrar de xeito especial a incorporación de Antía Otero, de 21 anos, ás letras galegas, con "O son da xordeira", co que, según o director de Espiral maior, "demóstrase a forza que ten a poesía galega nos máis novos". E destacou a súa "alta calidade" e a súa "indiviualidade" e "feminidade". A propia autora subliñou que nos poemas hai dous puntos de referencia: "Unha costureira que tece de costas ao mundo, pero que tamén soña e quere vivir; e a aldea, presente en min, nos meus pais e nos meus avós".



DE ARCOS

De esquerda a dereita, Marta Dacosta, Xela Arias, Femández del Riego, Fernán-Vello, Kruckenberg e Antía Otero.

Xela Arias recha con "Intempériome" un silencio editorial de sete anos. Trátase dun libro que "é expresión dun momento de efervescencia interior, dos momentos críticos da vida", sinalou a autora.

No caso de Marta Dacosta, recoñeceu que cos "As amantes de Hamlet" rompeu coa tónica dos seus poemas anteriores. Neste caso presenta "unha alegoría" na que a súa Dama da Poza simboliza a tódalas escritoras do mundo. Neste poemario recoñeceu que mesturou as tradicións poéticas mediterránea e atlántica.

Kruckenberg amosa en "Lembranzas da beleza triste" as súas vivencias do pasado, "o tempo que se vai". "É un libro de nostalxia, da nenez, desa xuventude que se foi pouco a pouco, pero que está ahí", explicou a poetisa.

No caso de López-Casanova, o único que non puido estar na presentación, Fernán-Vello explicou que "Do tempo posuído" é unha "antoloxía revisada da súa obra, a definitiva", na que se incluén poemas inéditos, e que abrangue dende o ano 1960 ata o 2000.

†

Xela Arias Castaño

FINOU O UN DE NOVEMBRO DE 2003

D. E. P.

O seu fillo, Darío Gil Arias; os pais, Valentín e Amparo; Julio Gil; os irmáns, Xoán Carlos, Marcos, Sabela e Lois; irmáns políticos, Rocío Alonso, Marisol Pereiro e Fernando Argones; avó, Manuel Arias; bistía, Irene López; tíos, sobriños, curmáns e demais familia.

AGRADECEN a asistencia á misa na capela do tanatorio de Pereiró HOXE, día 3, ás CATRO da tarde e posterior enterro ás CATRO E MEDIA no mesmo cemiterio municipal, favores polos que lles anticipan gracias.

Domicilio mortuorio: Sala número 1.

Vigo, 3 de novembro de 2003

WWW.EMORVISA.ES La funeraria de Vigo Telf.: 986 212301

pois quedaráno-la sombra ben atrás
E máis ca nós os nosos xestos abandonan o lecer
contemporáneo desta hora que rexistro
(Denuncia do equilibrio)

Xela Arias Castaño

FINOU O 1 DE NOVEMBRO DE 2003

Con todos os abrazos dos teus compañeiros e compañeiras de **XERAIS.**

Vigo, 3 de novembro de 2003

D.ª Xela Arias Castaño

FINOU O DIA 1 DE NOVEMBRO DE 2003

A COMUNIDADE EDUCATIVA DO I.E.S. MONTE CARRASCO.

Non te esquece.

Cangas, 3 de novembro de 2003

2003

Vigo

FARO DA CULTURA

Nº 59 • Xoves, 13 de novembro de 2003 — Coordina: **Xosé Ramón Pena**

Ata sempre, Xela

Versos para denunciar o equilibro

Ramón Nicolás

Fería o dó silente e magoante no soterramento da poeta Xela Arias o pasado luns, tres de novembro, en Pereiró. O vitalismo, a enerxía, a rotundidade no seu dicir, dun xeito inexplicábel e súpeto, estraño para todos, truncábase para sempre e alí ficabamos impávidos, ainda máis sós, unha multitude de familia, amigos e coñecidos. Talvez coma consolo quede a memoria, o recordo, os seus libros, os seus poemas e o fondo humanismo que irradiaba.

Non é doado falar de Xela Arias en pasado; non é doado tampouco expresar en clave ponderativa ou avaliativa o que o seu pousado e reflexivo labor poético supuxo, nin da importancia do seu labor no ámbito da tradución para a lingua galega -a onde verteu con éxito a obra de Jorge Amado, Camilo Castelo Branco, James Joyce, Fenimore Cooper ou, máis recentemente, a *Venus negra* de Angela Carter-, nin sequera da actividade profesional que desenvolveu intensamente no ámbito editorial desde Edicións Xerais hai xa dúas décadas ou mesmo, máis acó no tempo, nesa nova e ilusionante etapa que afrontaba exercendo a docencia..., e non o é porque se quebra dolorosamente unha traxectoria comprometida, nunha liña innegabelmente ascendente e singular que deixa un oco ben difícil de cubrir.

Xela sempre quixo contribuír a transformar e interpretar a realidade do seu tempo dun xeito voraz, valente e rotundo, e fixoo sobre todo coa mellor arma que atopou: coa palabra, coa poesía. A súa produción poética nace –coido que vocacionalmente– bastantes anos antes da publicación do seu *Denuncia do equilibrio* en Xerais no ano 1986, libro co que sería finalista do premio Losada Diéguez no ano 1987, cando eran ben poucas as mulleres que tiñan forza abonda para expresar(se), para transmitir outra maneira de entender a poesía e a comunicación, para interpretar desde outra perspectiva as súas vivencias, os nosos días. Moitos foron os versos da súa autoría que viron a luz a primeiros dos oitenta en revistas e xornais como *Luzes de Galiza*, *Dorna*, *A Nosa Terra*, *Festa da palabra silenciada*, *Faro de Vigo* ou *Diario 16 de Galicia*, pero tamén foron moitos os que Xela declamaba en abondosos actos públicos e recitais cando para iso era requirida, cumprindo puntualmente e nos últimos tempos con azos anovados aquelas demandas.

Malia dispor, pola súa dilatada experiencia no mundo editorial, de plataformas ben próximas que facilitasen a publicacións dos seus orixinais, Xela traballaba a palabra vagarosamente, con reflexión, ainda que sen pausa, atenta a ofrecer algo novo só cando isto fose posíbel, cando o sentise como necesario e imponderábel. Deste xeito seguiu sempre un ritmo propio alleo a outras conxunturas: os primeiros meses dos anos noventa deixábanos o seu afouto, requintado e fermoso *Tigres coma cabalos*, en colaboración con Xulio Gil; ao que lle seguirían *Darío a diario*, en 1996, exemplar e transgresora interiorización da vivencia maternal e, por último sete anos despois, o que foi, lamentabelmente, o seu derradeiro libro, *Intempériome*, cando ainda preparaba a súa presentación na cidade de Vigo: un poemario no que retorcendo o léxico ao reiseñol lírico -en palabras de Celso Emilio-, abríase a novas posibilidades, esgazaba a palabra, insufláballe unha nova tensión, conducía a comunicación poética a ata lugares pouco explorados construíndo uns versos voraces, duros e doentes, por veces tamén crípticos e xélidos, desde unha soleira que imaxinaba como combate e que logo esvaraba serpeando polo verso curto, latexante, rotundo, sonoro...

Xela, que non se preocupaba moito pola recepción da súa poesía, que seguía o seu camiño independentemente de tendencias e clasificacións, construíu un mundo poético singular e orixinal, rastrexando a tensión do mundo cotián que enmarcaba nun inefábel ton melancólico pero tamén rexido pola reacción ao establecido, impregnado de desobediencia, facendo gala dunha depurada concisión derivada de imporse o quefacer literario baixo o criterio da esixencia e mais da transgresión e de ser, sen que ela fose consciente, unha adiantada ao seu tempo sinalando e abrindo camiños polos que logo, dun xeito ou doutro, camiñarían outros poetas, outras poetas.

Desde o FARO DA CULTURA entendemos como unha necesidade perentoria e un acto de xustiza lembrar á poeta viguesa e á tradutora nestas horas aínda agres polo seu recente adeus. Xaora, tamén lembramos á amiga xenerosa, cordial e leal. Lembrala é ler nos seus poemas, é manter acesa a chama do seu recordo.

Escolma: tres poemas

INCÉNDIATE

á calor da observación.
E repasa logo a ollada
no pouso dos afectos.
(de Intempériome (2003)

Só teño contigo, Darío, unha dor difícil de esquivar
(e por riba está non máis comprender que sufrirás),
¿como é iso de te saber disciplinar?
Lembro tantas que rompín, outras que esquezo xa.
Aí si, corazón, aí busco axuda,
que vexo treme-las follas das árbores coa treboada
e procuro eu o nordés,
unha brisa.
(de Darío a diario (1996)

ACOMPÁÑAME

Son dun tempo
de espectáculos, lanternas e acebeches comigo.
Tamén sei dunha violencia de silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo.
Na raia da evidencia –tan ás claras–
eu tributo, distraída dos pans,
cada pedazo entre o noxo das brasas,
no malestar do cotián ese
odioso canibal dos meus ollos.
Porque
sei de sereas verdadeiras tamén cantando venenos,
e mais das inmensas prosas do descanso.
Pero é que as miñas zonas
tamén son rostros conxestionados polo traballo.
Maldigo o precio de vida que arrastran,
e fusilo de min a disciplina da ordenanza.
(de Tigres como cabalos (1990)

Entrevista con manuel guede, director do cdg / **Páx. III**

Exposicións para unha década de arte contemporánea / **Páx. VI**

Robbie williams: "live summer 2003" / **Páx. VIII**

POESÍA A autora de 'Tigres coma cabalos' ou 'Denuncia do equilibrio' será enterrada hoxe en Vigo nunha cerimonia que comezará ás catro da tarde no Cemiterio do Pereiró

Unha **francotiradora**

Morre dun ataque ó corazón a poeta Xela Arias, un dos nomes clave da xeración esquecida

maré • Santiago

Mazada. Golpe. Terrible. Esas son as palabras máis frecuentes coas que a república das letras galegas recibiu onte a morte repentina de Xela Arias, falecida onte pola mañá en Vigo dun ataque ó corazón. Con Xela Arias desaparece unha das voces máis valentes da que, para moitos, é a Xeración esquecida, grupo de escritores nacidos a primeiros dos anos sesenta que a crítica non soubo encaixar en referencias concretas e que, a xuízo de Helena González, se caracteriza pola valentía, a súa busca e a vocación de –engade o editor Manolo Bragado– "francotiradores".

A súa morte coincide coa publicación de *Intempériome* (Espiral Maior, 2003) que ía ser presentado en Vigo dentro de dúas semanas. O libro supuña o regreso da escritora ás librerías tras un longo silencio –máis de dez anos– desde a publiación de *Tigres coma cabalos* (Xerais, 1990), un libro polémico no que Arias engastaba a poesía e a fotografía baixo o mesmo epígrafe co que agora reaparecía: o espido.

O cemiterio do Pereiró de Vigo será o lugar no que, a partir de hoxe, descanse a escritora. Está previsto que o enterro se celebre ás 16,30.

Unha escritora unida estreitamente a Edicións Xerais

Nacida en Lugo, en 1962, Xela Arias pasou boa parte da súa vida en Vigo, a cidade na que se converteu nun dos referentes do mundo editorial e da poesía de muller. Filla do tradutor Valentín Arias, deixa un fillo de curta idade, froito do seu matrimonio co fotógrafo Xulio Gil, ó que estivo unido durante varios anos.

O seu nome comeza a vencellarse á Cultura galega en 1980, cola fundación de Xerais, da que forma parte desde o primeiro momento. En Xerais traballou como correctora e asesora lingüística durante dez anos, ata que a primeiros dos noventa decide buscar novos horizontes, sen perder nunca a súa relación co editorial.

Poeta, traductora, recitadora, activista, narradora ocasional e filóloga –licenciouse en Hispánicas pola Universidade de Compostela–, deuse a coñecer en 1986 con *Denuncia do equilibrio*, finalista do Premio Losada Diéguez. Tamén foi finalista do Esquío con *Lilí sen pistolas*, un libro que aínda hoxe permanece inédito e do que a escritora non era moi amiga de comentar.

De todas as súas publicacións, sen embargo, a de maior repercusión foi *Tigres coma cabalos*, realizado en colaboración con Xulio Gil, onde a poeta aparecía espida en fotos que

Xela Arias nunha das imaxes que aparecen en 'Tigres coma cabalos', fotografada por Xulio Gil

AS FRASES

Chus Pato
"É a autora da violencia existencial: non rexeitou escribir sobre aqueles aspectos máis duros da existencia e que ela asumiu como condición humana"

Manolo Bragado
"Escribía para poñer en orde as ideas preconcibidas que se podían ter e confrontalas coa experiencia".

Helena González
"Era unha escritora que situaba o seu corpo sen medo na sensualidade para escribir con voz feminina".

María Xosé Queizán
"Bótoa de menos como muller, como amiga, como nai, como poeta, como tradutora. Tiña grande sensibilidade"

M.A. Fernán Vello:
"Xela Arias desaparece nun momento en que aínda lle quedaba moita vida por diante, e moita poesía por escribir"

Ana Romaní
"A súa poesía era moi persoal, desde o primeiro libro, e iso, a fidelidade á súa propia voz, á indagación é un trazo moi distintivo".

A CERNA

Tres libros claves

Como corresponde a unha desaparición tan repentina e inesperada, Xela Arias deixa atrás tres libros envoltos en sombras anque perfilen a traxectoria dunha muller que sempre foi por independente. O primeiro deles é, sen dúbida, ese inédito Lilí sen pistolas (1987), pertencente ó amplo grupo de obras lendarias que o xurado do Esquío non se atreveu a premiar e que engasta ó capítulos dos ácesits, como Baleas e baleas de Luísa Castro –un libro que marcará unha xeración– ou Nós, as inadaptadas, de María do Cebreiro. A eles únese este Lilí sen *pistolas* que, para a crítica Helena González, supón só con ese título unha suxerente aportación á poesía dos anos oitenta.

O segundo dos libros é ese Intempériome, que acaba de publicar e que, ó cabo, se acabou converte nun testamento poético.

O terceiro sería a traducción de Ancho mar dos sargados, de Jean Rhys, para a colección As literatas de Xerais. Outras traduccións súas con Dublineses, de James Joyce, O último Mohicano de Fenimore Cooper ou Venus negra, de Angela Carter.

amosaban un corpo abraiante. O libro orixinou unha polémica no mundiño literario do país por ser a primeira vez que unha escritora se exhibía publicamente núa xunto cos seus poemas, símbolo do que será unha das súas máximas: a sinceridade e a busca dos elementos primordiais, despoxada poesía e poeta dos artificios e, en certo modo, tamén dunha identidade social que fora protectora.

Tras esta experiencia, ábrese un silencio que percorre a década pasada e que só se rompe en 1996 coa aparición de *Darío a diario*, onde a escritora reflicte a súa experiencia da maternidade, nun libro que, en palabras do director de Xerais, Manolo Bragado, "desmitificou moitísimo a cuestión da maternidade" e no que, engade, se presentou "máis espida aínda que cando apareceu fotografada núa en *Tigres coma cabalos*. Digamos que *Darío a diario* é un libro da posesión desposuída".

A súa obra tamén apareceu en publicacións colectivas como *Daquelas que cantan* (Fundación Rosalía de Castro, 2000) ou en *Palabra de muller* (Xerais, 1992), un libro de Camino Noia sobre o traballo de oito poetas galegas.

Como traductora, o seu traballo foi intenso, con galardóns internacionais como o que recibiu da Sociedade de Lingua Portuguesa de Lisboa, no ano 1986, pola súa versión en galego de *Amor de perdición*, de Castelo Branco. ●

2003

Vigo

UN EMOTIVO HOMENAJE

Xela, la "artista de la palabra"

Escritores, editores y traductores gallegos recuerdan en Vigo a la poeta Xela Arias, fallecida hace medio año

Amaia Mauleón / VIGO

Ana Romaní, Miguel Anxo Fernán Vello, Carlos Negro, Xosé María Gómez y Xulián Maure, en el acto. / CAMESELLE

Familiares, amigos y alumnos de Xela Arias acudieron al homenaje, celebrado ayer en Vigo. / CAMESELLE

"Vencerse é cousa de se tratar". La voz de la poeta Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003) volvió a escucharse ayer en el homenaje que traductores, editores y escritores gallegos le rindieron en Vigo, en la sede la Fundación Caixa Galicia.

El compositor Fernando Abreu había grabado su voz, recitando el poema "Vencerse é cousa de se tratar", para crear una música que la acompañaría en una presentación que su muerte, por un ataque al corazón, no permitió que llegara a cumplirse. Ayer sucedió. Fue uno de los momentos más emotivos del homenaje, organizado por la Asociación Galega de Editores (AGE), la Asociación de Traductores Galegos (ATG) y la Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), al que acudieron representantes del mundo de la cultura como las escritores María Xosé Queizán, Fina Casalderrey, Carme Kruckenberg, Marta Dacosta, Xosé Antonio Perozo y editores como Manuel Bragado y Víctor Freixanes, entre otros.

En el acto, presentado por la poeta y periodista Ana Romaní, intervinieron Xulián Maure Rivas, Xosé María Gómez Clemente, Carlos Negro y Miguel Anxo Fernán Vello. Todos ellos destacaron las facetas de Xela Arias, "artista de la palabra", no solo como poeta, sino también como traductora (labor en la que siguió a su padre, Valentín), profesora y editora. Maure Rivas recordó los inicios de la poeta lucense en la editorial Xerais, que el equipo conducido por él iniciaba entonces. "Era un modelo de honestidad y honradez apreciada por todos", aseguró.

Por su parte, Fernán Vello admiraba de la autora de "Tigres como cabalos" "su compromiso ético y estético".

IN MEMORIAM O mundo editorial únese para homenaxear a Xela Arias

Palabras que nunca **morren**

Grupo Dous estreará en Vigo o sábado unha partitura para a poesía da autora onde se inclúe a súa voz

maré · Santiago

A Asociación Galega de Editores (AGE), a Asociación de Tradutores Galegos (ATG) e A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) uníronse para homenaxear a escritora Xela Arias, falecida en novembro do ano pasado. A homenaxe, que se suma ós numerosos actos de lembranza realizados nos últimos meses en distintas revistas, terá lugar o vindeiro 29 de maio ás doce da mañá na Fundación Caixagalicia de Vigo.

No acto, presentado por Ana Romaní, intervirán Xulián Maure Rivas, Xosé María Gómez Clemente, Carlos Negro e Miguel Anxo Fernán Vello, en representación das asociacións convocantes. Tras estas intervencións, Fernando Abreu e Pablo Carrera, membros do Grupo Dous, interpretarán *Vencerse é cousa de se tratar*, unha partitura musical realizada para a poesía de Xela Arias que inclúe, ademais, a voz en off da propia escritora.

Nacida en Lugo en 1962, Xela Arias pasou boa parte da súa en Vigo, a cidade na que se converteu nun referente do mundo editorial e da poesía de muller. Vencellada a Edicións Xerais desde a súa fundación, a primeiros dos oitenta, Xela Arias deuse a coñecer como poeta en 1986 con *Denuncia do equilibrio* e apontóase a primeiros dos anos noventa coa publicación de *Tigres coma cabalos*, un libro realizado en colaboración co fotógrafo Xulio Gil que resultou especialmente polémico pola inclusión das súas propias fotos espida.

En 1996, tras un prolongado silencio, regresou ás librerías con *Darío a diario*, dedicado ó seu fillo, e pouco antes de morrer, publicou *Intempériome*, o seu derradeiro poemario. •

Xela Arias nun retrato realizado por Xulio Gil

2004

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 1 de abr.

A @CasadeRosalia celebrou o 8 de marzo de 2018 un acto de homenaxe ás poetas Xohana Torres, María do Carme Kruckenberg, Pura Vázquez e #XelaArias2021 que formaban parte do grupo #DaquelasQueCantan #XelaAriasRosalia

2018

Vigo

Poesía reunida (1982-2004). Xela Arias

Xela Arias (Autor/a)
María Xesús Nogueira Pereira (Edición de)

EDICIÓN LITERARIA>XERAIS CLÁSICOS

2ª Edición

O volume Poesía reunida (1982-2004) dá conta da obra poética de Xela Arias e quere contribuír á súa difusión e coñecemento. A escritora ocupou un lugar de seu na cartografía literaria das últimas décadas e a súa obra está en consonancia coa renovación do discurso poético producida dos anos 80 en diante, así como coa proliferación dos discursos do feminismo, aos que acompañou como pioneira. Xela Arias, que manifestou en numerosas ocasións un sentimento de soidade xeracional, reivindicou a condición de muller escritora e reaccionou con contundencia contra o carácter invisibilizador das etiquetas. Para ela, a poesía era «un trato coa búsqueda da vida poderosamente iluminada». Edición, introdución e notas de María Xesús Nogueira Pereira.



Imprimir Mercar

2018

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 8 de abr.

Tamén dende 2019 a Biblioteca Pública Municipal de Chapela leva o nome de #XelaArias2021, decisión tomada por votación popular convocada polo #ConcelloDeRedondela #BibliotecasDeRedondela @radioredondela @redondela_tweet

FARO DE VIGO

Chapela reconoce la figura de la poetisa Xela Arias al poner su nombre a la biblioteca

▶ La denominación se acordó por votación popular en un concurso organizado por el Concello
▶ La escritora lucense, fallecida en 2003, ejerció como profesora en el instituto de la parroquia

ANTONIO PINACHO ■ Redondela

La Biblioteca Municipal de Chapela ya luce con su nuevo nombre, el de la poetisa y editora Xela Arias Castaño (1962-2003), una denominación por votación popular que surgió de un concurso organizado por el Concello de Redondela con las propuestas de los vecinos.

Durante un sencillo y emotivo acto, que contó con la asistencia de la madre, el hijo y los hermanos de la homenajeada, se descubrió una placa en la puerta del Multiusos del Piñeiral do Crego, en cuya fachada también se rotuló el nombre de Xela para que las próximas generaciones conozcan la figura de esta autora lucense que también fue durante años profesora en el IES de Chapela.

El director de este centro de Secundaria, Miguel Pérez, destacó el recuerdo imborrable que Xela Arias dejó entre los alumnos y compañeros y expresó el orgullo que supone para toda la comunidad educativa que su nombre quede perpetuado en la biblioteca chapelana. Asimismo adelantó que para el próximo mes de mayo el instituto realizará un homenaje a su querida profesora con un mural en el que se plasmará uno de sus versos.

El editor y escritor Manuel Bragado, director hasta el pasado año y durante 24 años de Edicións Xerais, resaltó durante su intervención la trayectoria de Xela Arias a la que definió como una "poeta esencial", y recordó que fue una de las fundadoras de Edicións Xerais en 1979.

La madre, el hijo y un hermano de Xela Arias, Amparo Castaño, Darío Gil Arias (izq.) y Marcos Arias, respectivamente, ayer, durante el acto de la nueva denominación de la biblioteca de Chapela. // Alba Villar

Resaltar la trayectoria

El alcalde de Redondela, Javier Bas, elogió la huella dejada por la poetisa en Chapela tanto como autora como por su persona durante su actividad docente en el instituto de la parroquia. El regidor explicó que la denominación de Xela Arias para la Biblioteca Municipal de Chapela con un proceso participativo forma parte de una iniciativa del gobierno local para resaltar la trayectoria de personas vinculadas a la historia del municipio en distintos ámbitos, al igual que el pasado mes se puso el nombre se Manuel González Soto al Pabellón Municipal de Chapela. "Es una forma de reconocer la trayectoria de las personas destacadas y acercar su figura a un público más amplio. Para entender el presente es importante conocer el pasado", señaló Bas, en referencia al proyecto impulsado por Concello para denominar los edificios públicos y distintos espacios municipales.

Para completar el homenaje se editaron una serie de marcapáginas conmemorativos con la imagen de Xela Arias en los que se incluyeron varios de sus versos como muestra de reconocimiento a su fitura y obra.

2019

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 25 de xan.

A plataforma crítica A Sega homenaxeou o 15 de agosto de 2019 a #XelaArias2021 co VI Día das Galegas nas Letras e en 2018 reclamou para ela o DLG. @aSega_critica [025/365] #XelaAriasHomenaxes (1/4)

1 9 30

2019

Vigo

Manuel Bragado @bretemas · 25 de xan.

Na homenaxe a **#XelaArias2021** do 15 de agosto de 2019 da Sega leuse o manifesto Nosa Señora das Letras, «Escachar a palabra»
@aSega_critica #XelaAriasHomenaxes

asega-critica.net/2019/02/manife...

«Arrasou os marcos, desbotou as imaxes para quedar coas palabras...»

(4/4)

Captura de pantalla

2019

Vigo

XELA ARIAS, O MUNDO ESCRÍBESE CON X

2021

Manuel Bragado @bretemas · 30 de mar.

Excelente colleita de novidades sobre **#XelaArias2021** chegada ás librarías no mes de marzo #XelaAriasRecursos @Xerais @xeraisebook @baiaeditorial #IrIndo @DaPolvora @EdGalaxia @chusnogueira @LuzBeloso @danielchapela1 @emma_pedreira #AnxoRajó #OArquivoDasTrasnas

[089/365]
(1/8)

2021




Libros para compartir
Non te amola!
XELA ARIAS
EDITORIAL GALAXIA
ILUSTRACIÓNS: Luz Beloso

2021

Manuel Bragado @bretemas · 2 de abr.

Chegaron xa ás librarías dúas das novidades de @Xerais e @xeraisebook máis agardadas deste ano dedicado a **#XelaArias2021**: «Xela quixo ser ela. Biografía de Xela Arias» de Yolanda Castaño e a nova edición de «Darío a diario» con limiar de @bertadavila #XelaAriasRecursos [**092/365**]

2021

Manuel Bragado @bretemas · 15 de abr.

Chegou ás librarías «Intempestiva. Unha biografía (literaria) de Xela Arias» de Montse Pena Presas publicada por @EdGalaxia **#XelaArias2021** #XelaAriasRecursos @PenaPresas **[105/365]** editorialgalaxia.gal/montes-pena-pr...

LITERATURA NAS MARXES

A CREACIÓN ALÉN DO CANON

16, 17 e 18 de marzo de 2021

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Salón de actos do Pazo de San Roque
(Rúa de San Roque, 2, Santiago de Compostela)

Coa participación de Mariña Area, Daniel Asorey, Nee Barros, Carlos Callón, Yolanda Castaño, Míriam Ferradáns, Inma López Silva, Eva Mejuto, María Xesús Nogueira, Emma Pedreira, Montse Pena Presas, Mario Regueira, María Reimóndez, Ana Romaní, Marga Tojo, Bieito Troncoso, Marga do Val e Malores Villanueva.
Organizado por Daniel Chapela.

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2021 Galicia

2021

XELA ARIAS. A PALABRA ESGAZADA

A Real Academia Galega aborda a vida e a obra da protagonista das Letras Galegas 2021 nesta serie documental de 6 episodios.

Lugo / Vigo

ESTREA O 5 DE ABRIL



Traballadora das palabras

ESTREA O 13 DE ABRIL

Esgazadora de versos

ESTREA O 20 DE ABRIL



Manuel Bragado @bretemas · 17 de abr.

«Telexornal Xela Arias» informativo realizado polo Departamento de Lingua Galega do CPI dos Dices, Rois. 16 minutos informativos magníficos! Gran peza de utilidade didáctica!
#XelaArias2021 #XelaAriasRecursos #XelaAriasEditora #XelaAriasTradutora
[**107/365**]
youtu.be/7sgolh6vAqA

2021

ÁLBUM

Hasme Oír (Con Versos de Xela Arias)

A banda da Loba • 2021 • 7 canciones, 17 min 43 seg

#	TÍTULO	REPRODUCCIONES	
1	Intempériome A banda da Loba		3:17
2	Interludio 1 A banda da Loba		1:12
3	Tigres coma cabalos A banda da Loba, Xacobe Varela		4:54
4	Interludio 2 A banda da Loba		0:46
	Darío a diario A banda da Loba		3:33

2021

TERTERES|ESTUDIO



XELA ARIAS